



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 6

**Sesión plenaria**  
24 de abril de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 4. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**

#### **4.1 1838 (12/POPX-000001)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as liñas estratéxicas en materia económica e industrial de Galicia na presente lexislatura  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 17.04.2024

#### **4.2 1841 (12/POPX-000002)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre medidas que vai adoptar o Goberno para a rexeneración democrática  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 17.04.2024

### **Punto 5. Preguntas ao Goberno**

#### **5.1 798 (12/POP-000089)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre o nivel de seguridade e de protección que ofrecen as sedes xudiciais galegas ás vítimas de violencia de xénero  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

#### **5.2 857 (12/POP-000103)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do pacto de investidura entre o PSOE e o PNV para transferir ao País Vasco a xestión do seu litoral ao tempo que o Goberno central ten paralizada a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

#### **5.3 776 (12/POP-000083)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a necesidade da construción dun pavillón cuberto no CEIP Ponte Sampaio para a práctica da actividade física do alumnado  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024



**5.4 1827 (12/PUP-000007)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre os fondos cos que a Xunta de Galicia prevé financiar o proxecto de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

**5.5 742 (12/POP-000072)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego co obxectivo de que Galicia sexa incluída no Programa Viena, da Sareb, que prevé a construción de 3.500 vivendas para alugueiro accesible en dez comunidades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**5.6 1622 (12/POP-000246)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre o estado en que se atopan as obras dos eixes de mobilidade sustentable que se están a desenvolver nas cidades de Ourense, Santiago e Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**5.7 1170 (12/POP-000166)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para unha mellora na dotación material e profesional da nova Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**5.8 944 (12/POP-000127)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis**

Sobre a situación dos expedientes de solicitude das axudas dos ecorrémicos correspondentes á nova fase da Política Agraria Común (PEPAC 2023-2027)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**5.9 1837 (12/PUP-000009)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024



## SUMARIO (continuación)

---

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona María Montserrat Prado Cores (BNG) e don Daniel Pérez López (BNG). (Páx. 7.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas estratéxicas en materia económica e industrial de Galicia na presente lexislatura. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 7.)*

*Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 8.)*

*Réplica do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 10.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 12.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno para a rexeneración democrática. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)*

*Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 14.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 17.)*

*O señor presidente lémbbralles aos deputados e ás deputadas que se deben ater aos tempos de intervención establecidos para as preguntas ao Goberno. (Páx. 18.)*

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de seguridade e de protección que ofrecen as sedes xudiciais galegas ás vítimas de violencia de xénero. (Punto quinto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 19.)*

*Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 20.)*

*Réplica da autora: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 21.)*

*Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 22.)*



**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do pacto de investidura entre o PSOE e o PNV para transferir ao País Vasco a xestión do seu litoral ao tempo que o Goberno central ten paralizada a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 24.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 24.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 26.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 26.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a necesidade da construción dun pavillón cuberto no CEIP Ponte Sampaio para a práctica da actividade física do alumnado. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 27.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 29.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 30.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 30.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os fondos cos que a Xunta de Galicia prevé financiar o proxecto de Altri. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 32.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 33.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 34.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 35.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego co obxectivo de que Galicia sexa incluída no Programa Viena, da Sareb, que prevé a construción de 3.500 vivendas para alugueiro accesible en dez comunidades. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 36.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 37.)

Réplica da autora: *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 38.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 39.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado en que se atopan as obras dos eixes de mobilidade sustentable que se están a desenvolver nas cidades de Ourense, Santiago de Compostela e Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 40.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 42.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 43.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 43.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para unha mellora na dotación material e profesional da nova Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 44.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 45.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 47.)

**Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación dos expedientes de solicitude das axudas dos ecorrécimes correspondentes á nova fase da Política Agraria Común. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 48.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 49.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 50.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 51.)

*Remata a sesión ás doce e vinte e dous minutos do mediodía.*



*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Damos comezo á sesión de hoxe.

Xustificaron a súa inasistencia dona María Montserrat Prado Cores e don Daniel Pérez López.

Antes de entrar na quenda de preguntas ao presidente, quero comentarlles que se atopan connosco os alumnos de primeiro de bacharelato do centro Rafael Puga Ramón, da Coruña. ¡Benvidos ao Parlamento! ¡Benvidos tamén os seus profesores e os invitados que hoxe nos acompañan na tribuna!

Comezamos co punto cuarto da orde do día, relativo ás preguntas para resposta oral do presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas estratéxicas en materia económica e industrial de Galicia na presente lexislatura**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra don José Ramón Gómez Besteiro, do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos os membros do Parlamento e aos que acoden hoxe a visitar o Parlamento.

Señor Rueda, durante os últimos quince anos, nos que vostede tamén formou parte do Goberno de Galicia, a taxa de ocupación en España aumentou un 3,45 por cento, pero en Galicia descendeu un 5,92 por cento. Galicia ten a segunda taxa de ocupación máis baixa de todo o Estado. O IGE amosa que a economía española medrou, no ano 2023, un 2,5 por cento, mentres que a galega fíxoo apenas nun 1,8 por cento. Tamén amosa que, no ano 2022, perdemos once mil firmas empresariais, mentres no conxunto de España se medraba en cifra. Especificamente, en termos de emprego industrial, o descenso de Galicia sitúase arredor dun 21,67 por cento. Se traducimos isto, España gañou nestes quince anos setecentos mil empregos netos e Galicia perdeu setenta e dous mil empregos.

O Consello de Contas advirte reiteradamente que na execución dos fondos europeos estamos por baixo do cincuenta por cento. Vostedes deixan sen usar fondos europeos ano tras ano. Nos actuais fondos do Plan de recuperación do Estado —ese plan ao que o Partido Popular votou en contra e que é facilitado polo Estado de forma extraordinaria— asignáronse a Galicia 1.545 millóns para a Comunidade Autónoma e 1.545 millóns para as entidades locais. Destes fondos, foron resoltos ata o día de hoxe, ata o 31 de marzo do ano 2024, unha cifra de 630 millóns. Polo tanto, estamos arredor do corenta por cento da execución dese fondo de recuperación. Dá a sensación de que se conforman con que a situación continúe exactamente como está e na tendencia na que está.





En Galicia, desde que vostedes gobernan, impuxeron a renuncia como política industrial e apostaron por afastarse do obxectivo europeo que marca ese vinte por cento do produto interior bruto para o sector industrial. Esa falla de política empresarial e industrial trae como consecuencia a perda da galegitude de moitísimas empresas claves, como foron no sector financeiro as caixas, como foi no sector das telecomunicacións o Grupo R, como foi no sector da enerxía Unión Fenosa, e outras perdas tamén doutras empresas senlleiras no noso país, como Unión Fenosa e ou empresas como Fandicosta, Atunlo, Pescanova ou Conservas Albo no sector mar-industria. Son moitas máis, pero, a modo de exemplo, as citadas son suficientes para evidenciar a enorme perda, irreparable e irrecuperable, que está no debe do Goberno do Partido Popular, señor Rueda. Por non falar doutras empresas como era Gamesa, Vestas, Poligal ou Isolux, empresas que nunca encontraron unha porta á que chamar nos momentos de necesidade.

En definitiva, o seu escapismo competencial estatutario en materia de industria diante deses problemas, coa única técnica de estender a culpa aos demais, ao Goberno do Estado, a Europa, aos concellos e aos sindicatos, non é unha actitude responsable cara ao pobo galego.

As preguntas que lle fago son: ¿como pretende alcanzar, señor Rueda, os obxectivos de presenza da industria do PIB galego na marca e na porcentaxe que establece Europa? ¿Como vai garantir tamén para eses proxectos industriais enerxía suficiente, estable, renovable e a prezos estables dentro das súas competencias, loxicamente? E, finalmente, ¿que accións protectoras dos sectores estratéxicos galegos vai adoptar para evitar a continua sangría de empresas galegas deslocalizadas e pechadas?

Ata o de agora, polo que se viu, a súa política industrial baséase en botar —como dicía antes— responsabilidades fóra, a outros, en botar balóns fóra. En Galicia, desde que vostedes gobernan, impúxose a renuncia como política industrial. Sería desexable ter criterio en apostas importantes e estratéxicas, como no sector da enerxía e, sobre todo, na reconversión dos traballadores nese fin que estamos aceptando, que é a chegada do mundo da transición enerxética. A pregunta é: ¿cal é o seu modelo ideal para os vindeiros anos, señor presidente? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Gómez Besteiro.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Saúdo tamén os estudantes e os profesores e as profesoras que hoxe están aquí vendo esta sesión do Parlamento, ¡benvidos!

E, sobre todo, ¡benvido, señor Besteiro, nesta súa primeira intervención como portavoz do seu grupo nesta primeira sesión de control! Agardo que aquí si que acougue un tempo longo e que, polo tanto, teñamos oportunidade de debater unhas cantas veces. Tempo haberá, dende logo.





Permítame que lle diga que nesta primeira intervención é moi difícil rebater, pois vostede deu moitos datos. O resumo é que España vai moi ben, a pesar de que Galicia vai moi mal, e, polo tanto, somos a comunidade que lastra todo. Non é así, señor Besteiro, vostede sabeo de sobra. Deu datos de España —como se ademais Galicia non formase parte de España nin contribuíse a eses datos—, onde, segundo vostede, está todo moi ben porque goberna o seu xefe de filas, e en Galicia todo está fatal.

Señor Besteiro, hai moitísimas cousas que lle podería rebater. A primeira acaba de saír na prensa económica e di que somos —segundo os datos do Ministerio de Facenda— a Comunidade Autónoma que mellor está executando os fondos e, polo tanto, iso casa bastante mal co que vostede acaba de dicir, salvo que o Ministerio de Facenda estea mentindo, que agardo que non, ou, polo menos, agardo que vostede non diga iso. Non son mil cincocentos millóns de euros transferidos, son asignados. De paso, mándolle o recado: que nolos transfiran se queren que os executemos, porque os mil douscentos millóns que nós transferiron xa os estamos executando, con eses datos do Ministerio de Facenda.

Por dar algún dato —ía apuntando segundo vostede dicía—, somos a segunda comunidade autónoma que máis creceu en PIB no período 2009-2022; o emprego industrial está crecendo en Galicia nestes últimos dous anos por enriba da media, a pesar dos atrancos que nos poñen desde o Goberno central. E hai moitos datos que rebaten o panorama que vostede pintou.

Eu hoxe quería aproveitar... creo que teremos tempo de sobra e, polo tanto, poderemos falar de moitísimas cousas. ¡Benvido —como dicía— a este Parlamento e benvido a unha oposición responsable, que espero que a faga! Vostede dicía que os galegos os colocaron na oposición. Vostede si que entendeu o resultado das eleccións. Ten ao seu lado —non sei como chamalo— o goberno na sombra, o goberno espello, o goberno paralelo, e aquí está o Goberno da Xunta de Galicia; o Goberno que elixiron os galegos é este. *(Aplausos.)* En hora boa, señor Besteiro, porque parece que vostede si que o entendeu, e así poderemos traballar, cun goberno responsable e cunha oposición construtiva e, sobre todo, realista.

Pregúntame vostede se vou cambiar as liñas da miña política industrial e económica. Acaba de haber unhas eleccións e nós tomamos moi en serio o programa electoral, no que había máis de oitocentos compromisos, moitos en materia económica e industrial, e o que quero é cumprilos. Polo tanto, non vou cambiar nada daquilo ao que me comprometín. *(Aplausos.)* O que vou facer é empezar a cambialos.

Aquí, señor Besteiro, cremos moito na palabra dada. ¿Quere un cambio? Mire: espero que vostede non fale aquí, como fixo sempre ata o de agora, en nome do Goberno central, porque creo que foi unha das cousas que os levou ao resultado electoral que tiveron hai dous meses. Pero voulle pedir que fale unha última vez en nome do Goberno central, en nome de Pedro Sánchez, e voulle pedir que fale en nome de Pedro Sánchez para pedir desculpas por ese asañamento, por ese trato discriminatorio e por ese negarlle a Galicia o pan e o sal que onte se traduciu nun pau monumental que lles deu o Tribunal Constitucional. *(Aplausos.)* Pido que pidan desculpas por iso, señor Besteiro. *(Aplausos.)*



A humildade para recoñecer os erros e o propósito de emenda para corrixilos iso si que sería mudar unha política e iso si que sería serlle útil a Galicia. Señor Besteiro, ¡benvido a este Parlamento!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señor Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Moitas grazas, señor presidente, por darme a benvida a este Parlamento.

É verdade que é a miña primeira sesión de control e é verdade que estou acostumado a que noutras institucións, efectivamente, pase unha cousa marabillosa, que é que cando se lle fai unha pregunta ao presidente este conteste. Pero é verdade que esta é a miña primeira.

Mire: eu collo os datos do Plan de recuperación da folla Elisa para falar de cal é a execución real deses 1.545 millóns asignados a Galicia e o que me di, no día de hoxe, é que hai 630 millóns executados, isto é o corenta por cento. Non entremos en disquisicións; mil quiñentos millóns asignados e seiscientos millóns cumpridos con eles.

En relación coa política empresarial, temos un bo exemplo de actualidade que é o proxecto de Altri. Non é un proxecto privado, porque é un proxecto que desexa ter asistencia de fondos públicos. Polo tanto, pasa a raia do que é un proxecto privado. Se fose un proxecto privado estaríamos falando dun control de legalidade e normativo para ese proxecto. Pero o salto dano vostedes cando o sitúan como un proxecto estratéxico; ademais, sitúano pendente de darlle axudas públicas.

Hai un ano, vostede reivindicaba que o Estado tiña que financiar ese proxecto, que me parecen ben, pero cando se coñecera ese proxecto, que foi, por certo, a finais do ano pasado. Polo tanto, é un proxecto público. É un proxecto público que vostede defendeu no ano 2022 dicindo que xeraría xa non sei que cifra; non me atrevo a dar cifras porque foron tantas cifras de emprego as que bailaron —catro mil empregos, dous mil quiñentos, e agora parece ser que son menos de quiñentos— dese proxecto de Altri.

No campo medioambiental, evidentemente, hai que defender o estrito cumprimento do proxecto medioambiental e das condicións medioambientais, pero, evidentemente, temos que dar unha opinión tamén. Vostede ten que falar de que lle parece e de se a falla de empregos ou a diferenza de empregos é positiva ou negativa, e se segue sendo estratéxico o proxecto ou non. O cumprimento das condicións medioambientais, evidentemente, non se pode descoñecer que hai que cumprilo. Pero vostede ten que contestar se vai haber financiamento por parte da Xunta de Galicia; ao ser un proxecto estratéxico, evidentemente, abre as portas ao posible financiamento da Xunta. Os galegos queren saber se vai haber financiamento para ese proxecto, que din vostedes que é privado pero que aspira a obter axudas públicas. Esas axudas que chegarán aos fondos europeos e que, coincidirá comigo, os funcionarios, tanto do Estado



como de Europa, valorarán ese proxecto da mesma forma que o fan os funcionarios da Xunta de Galicia. Polo tanto, como sabe vostede, os fondos non son discrecionais, senón que se teñen que axustar ao cumprimento normativo, todos, non soamente os da Xunta de Galicia.

Finalmente, terá que explicarlles tamén aos galegos e ás galegas se ese novo proxecto vai implicar modificacións no que é o Mapa forestal de Galicia.

Todas esas explicacións son as que necesitan escoitar os galegos agora, e non simplemente zanzar a cuestión con se cumpren os requisitos ou non. ¡Home!, faltaría máis que non cumprise os requisitos. Ten a obrigaón de informarnos sobre iso a todos os galegos.

Hai case un ano vostede díxolle á empresa que sabía perfectamente cal era o compromiso da Xunta de Galicia. Sábeo vostede, sábeo a Xunta de Galicia e parece ser que o sabe a empresa; quen non o sabemos somos nós, e temos dereito a demandar esa información; información que é necesaria, sobre todo, para establecer transparencia e certeza.

A relación que se ten en Galicia coas celulosas é que botan fume e cheiran mal. Esa é a percepción que ten a inmensa maioría dos galegos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** A súa obrigaón é sacalos desa dúbida; se é verdade, se do proxecto é certo todo o que din ou se é absolutamente diferente.

Esa é a súa responsabilidade: dar claridade, informar e dar transparencia; porque, se non, o silencio o que xera é incerteza, medo e temor. Polo tanto, a súa obrigaón é falar do financiamento, dos cambios que hai en relación cos empregados, de se as cuestións medioambientais van afectar o futuro do Mapa forestal en Galicia ou non e, en definitiva, contestar sobre todas as claves do financiamento que están na súa man e non facer escapismo con este asunto.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** En relación, simplemente, co Tribunal Constitucional, primeiro, nosoutros —como sabe— non votamos en contra desa lei; nunca dixemos se era constitucional ou non (*Risos.*) —¡por favor!— neste Parlamento...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** ...terceiro, simplemente espero que respecten sempre as decisións do Tribunal Constitucional. Nosoutros facémolo, outros din que é un tribunal de parte cando lles convén ou incluso que é un cáncer do sistema democrático español.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Besteiro, terminou o seu tempo.



Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Señor Besteiro, a verdade é que o honra, porque crin que ía escapar do tema do Tribunal Constitucional, supoño que ía mirando o reloxo e, cando faltaban dez segundos, comentouno para que non lle dixese que non contestou nada. *(Risos.)*

Sabe que hai un problema, señor Besteiro, e é que vostede era o delegado do Goberno cando se estaba tramitando a lei, cando empezou todo o balbordo neste Parlamento, cando vostedes estaban nin que si nin que non. E vostede dixo que en ningún caso iso podería ir adiante porque era unha lei que ía contra a Constitución e que non lle conviña a Galicia. Iso díxoo vostede, señor Besteiro, como delegado do Goberno. *(Aplausos.)* Polo tanto, comprendo que tanto baile de postos en tan pouco tempo lévao un pouco a poñelo nunha situación complicada, pero vostede nese momento estaba defendendo, aínda máis que agora —se iso é posible—, o Goberno central e, polo tanto, dixo o que dixo.

Volvo dicirle que haberá tempo de sobra durante esta lexislatura nas preguntas de control e cando sexa para rebater cifras. Pero, de verdade, se a seriedade vai ser que vostede me di que temos mil cincocentos millóns de euros asignados dos Next Generation, dos cales xa lle dixen que máis de trescentos están sen transferir, e que teño que ter executados os que non me transferiron, se esta é a seriedade das cifras que ten vostede, señor Besteiro, ¡así é imposible! *(Aplausos.)* Non se preocupe que cos que nos transferiron estamos á cabeza, e son datos da semana pasada do Ministerio de Facenda. Polo tanto, seguiremos así por moitos impedimentos que poñan.

Vostede faime unha pregunta de política industrial e despois vai a unha empresa concreta. ¿Agora cal é o problema?, ¿que xa están preparando a negativa aos fondos europeos? ¿Estame dicindo vostede que o problema é que vai aportar á comunidade autónoma para este e para o resto de proxectos? Esta é unha mensaxe para toda España, para que se saiba que eses miles de millóns que teñen vostedes embolsados sen repartirlos a ninguén, que xa lles está dicindo a Unión Europea que que pasa con todo iso, que non está pasando en ningún outro país, ¿iso agora vai depender do que faga cada comunidade autónoma? Pois estaremos moi atentos. Se lle piden cofinanciamento a todo o mundo, co de Galicia, para os proxectos que cumpran medioambientalmente que creen futuro industrial e que creen postos de traballo, a Xunta de Galicia vai estar aí comprometida, non lle caiba ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

Por certo, cando eu estiven co presidente do Goberno —xa o dixen aquí o outro día na sesión de investidura—, falamos deste proxecto. Na hora e pico que estiven dedicámoslle un tempo importante, e díxome que estaba perfectamente informado de todo, comprometeume unha cifra. ¿Que pasa?, ¿que falaba por falar?, ¿que non tiña nin idea?, ¿que o dixo por quedar ben comigo?, ¿que lle di estas cousas a todo o mundo sen saber de que está falando? ¿Ou é que houbo un cambio de opinión porque os que non saben do que están falando son vostedes, porque están sempre ao albur das presións que lles fagan?

Onte estiven nun foro económico co señor Formoso, que, no día de hoxe e mentres non se demostre o contrario, segue sendo —é certo que por poucos días, supoño— o máximo



responsable do Partido Socialista, e dixo unha cousa moi clara: que non se ía deixar amedrentar polos que están no «non» permanente, que non se ía deixar amedrentar polas forzas políticas que queren paralizar Galicia. E eu non miro para ninguén. (*Murmurios.*) Dixo o que ten que dicir un responsable político, que é iso, responsable, un responsable político coherente e un responsable político valente. Polo tanto, pídlle que vostede faga exactamente o mesmo, porque se vai estar no seguidismo, estará na situación na que se ven agora.

Eu xa dixen varias veces que conto co rexurdimento do Partido Socialista en Galicia, que ten campo para medrar, porque ir máis para abaixo probablemente sexa difícil, a base de que sexa valente, a base de que teña posturas de país e a base de que sexa coherente. Polo tanto, téndolle a man e pídlle que ma tenda vostede a min. Eu vou ver o presidente do Goberno en canto me reciba a Súa Maxestade o Rei para plantexarlle varias cousas que xa lle plantexei a outra vez e que seguen como o primeiro día, incluído ese tema que vostede dicía.

Espero que esta vez cando me diga que coñece os temas sexa verdade, e eu direille que, segundo vostede, non, que non coñecía nada e que estamos inventando todo. Espero que se ve responsabilidade, como vai ter da Xunta de Galicia, haxa esa corresponsabilidade por parte do Goberno. Iso é apoiar a política industrial, iso é serlle útil a Galicia, iso é cambiar políticas. Eu non penso cambiar ningunha política, penso cumprir os compromisos cos galegos que nos ratificaron case co cincuenta por cento dos votos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Iso si, —e remato xa, señor presidente— cada vez que haxa que rectificar, rectificaremos. Aquí non acertamos nin temos a verdade absoluta e hai que escoitar. Agora, tamén hai que ser coherente e darlle valor á palabra dada e non deixarse nin amedrentar nin influír, senón ser firmes nas políticas que son xustas. Por iso temos a confianza dos galegos e iso —se me permite un consello que non son quen— é o que deberían facer vostedes para recuperala.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno para a rexeneración democrática**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bos días, señorías.

Señor Rueda, hoxe queremos falar de rexeneración democrática, e é toda unha declaración de intencións que o seu goberno estree esta lexislatura, que o Partido Popular estree esta lexislatura, votando en contra dunha iniciativa que o único que pedía era transparencia e combate contra a corrupción. Por segunda vez, o Partido Popular vota en contra de que se



poida facer unha auditoría sobre os contratos realizados pola pandemia. ¿Por que, señor Rueda? ¿Que é o que ten vostede que ocultar? *(Aplausos.)* ¿Que están escondendo? *(Aplausos.)*

Estamos falando duns feitos que son gravísimos e que nos repugnan, porque mentres miles de persoas falecían en circunstancias dolorosísimas, houbo quen quixo ver a pandemia como unha oportunidade para forrarse especulando con contratos públicos. Os mesmos contratos que vostede se nega a que investiguemos, e que, deste xeito, haxa transparencia.

Ademais, vostedes menten en moitas ocasións cando nos din que non hai que auditalos porque esta auditoría xa a fixo o Consello de Contas. O Consello de Contas fixo unha auditoría parcial que deixou fóra o setenta por cento da contratación. Aínda así, ¿sabe que nos di, co pouco que puido auditar, o Consello de Contas neste informe? Dinos que hai deficiencias nas memorias xustificativas, que non hai unha mínima concorrncia entre as empresas, que se fixeron contratos verbais que logo non están documentados, que se adjudicaron como contratos de emerxencia contratos que estaban iniciados antes da declaración da pandemia, e dinos moitas máis cousas.

¿Sabe, por exemplo, que máis di este informe do Consello de Contas? Di que houbo unha concentración moi importante deses contratos nunhas poucas empresas. Concretamente, no ano 2021, catro empresas concentraron o sesenta e seis por cento de todas as adjudicacións da Xunta.

Entre esas empresas, o que vemos é que hai moitas casualidades, porque resulta que moitas desas empresas están vinculadas con altos cargos do Partido Popular, como, por exemplo, o cuñado do señor Feijóo. Aí está tamén a empresa da que foi comisionista a parella sentimental da señora Ayuso, que cobrou unha comisión millonaria por facer esa intermediación co Sergas. Temos tamén a compra de máscaras que logo resultaron inservibles porque non tiñan as certificacións legais necesarias, pero a Xunta seguiu contratando con esa empresa, que, simplemente, tiña outro nome.

Señor Rueda, loitar contra a corrupción e velar pola transparencia e polo trato igualitario de todas as empresas é unha prioridade do goberno alternativo do BNG e debería selo tamén do seu goberno. *(Aplausos.)* Por iso, hoxe, señor Rueda, lle pregunto polas súas medidas para a rexeneración democrática, e debería de empezar por rectificar ese veto a que se poidan auditar os contratos da pandemia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Señora Pontón, fale co seu conselleiro ou coa súa conselleira de Facenda do goberno ese alternativo que teñen e que lea os informes do Consello de Contas, iso como mínimo. *(Aplausos.)* Si, si. Mire: ¿sabe o que din os informes do Consello de Contas? Din que non atopan ningunha tacha de ilegalidade. ¿Sabe





o que están dicindo sobre a xestión da pandemia do goberno que vostedes apoian —por certo, a cambio de nada e cada vez se vai ver máis claro—? Están dicindo que o máis probable é que se cometesen delitos moi graves. Vostedes, coma sempre, alí mansos, e aquí montando un escándalo cando non hai nada. Isto é así, señora Pontón. (*Aplausos.*)

En todo caso, está moi ben vir aquí falar de xente que non está, esas obsesións súas. Ademais, leva tantos anos xa con iso que supoño que seguirá os que lle queden. Pero teñen vostedes un instrumento, utilíceno, tranquilidade absoluta, porque está moi ben vir aquí e despois a ver se coa e non gastamos a bala porque en realidade sabemos que non paga a pena. ¡Alá vostede, señora Pontón!, ¡alá vostede neste principio de lexislatura!

¿Quere falar de restauración democrática? Voulle ler unhas declaracións:

«O Partido Popular confunde os usos do litoral galego cun simulacro de *Verano azul* nun polideportivo da M-30». Isto díxoo algún dos seus conselleiros ou conselleiras. (*Risos.*)

«A Lei do litoral vai ser papel mollado porque Galicia non ten competencias para poder ordenar o seu litoral e Rueda está enganando a Galicia». (*Risos.*) Isto non o dixo ningún membro do goberno espello ese; isto díxoo a señora Pontón, que é experta xurídica e visionaria total do desenvolvemento competencial. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señora Pontón, ¿sabe que? Rexeneración democrática tamén é falar do que se sabe ou, polo menos, informarse minimamente antes. Rexeneración democrática é que cando un fai declaracións públicas dende un posto tan importante como o de xefa da oposición —que iso é o que é vostede— fale cun mínimo de rigor. Rexeneración democrática tamén é, cando se mete a pata como vostede a meteu, pedir desculpas, ser humilde e emendar. (*Aplausos.*) ¡Esa é a rexeneración democrática, señora Pontón!

Se quere falar de rexeneración democrática é un bo comezo esta sesión, a tres días das eleccións en Euskadi. En hora boa polo resultado do seu partido aliado, do seu partido amigo. Vostede non foi, non sei se porque non a chamaron ou porque se deu conta de que en Galicia non gusta ir apoiar un partido que di que un grupo terrorista que asasinou sesenta e oito galegos é simplemente un grupo armado. Entón, non sei se porque non a chamaron ou porque vostede non quixo ir, pero ao final o resultado é o que é. Polo tanto, en hora boa. Pero como non foi —eu si que fun— perdeu unha serie de leccións de rexeneración democrática. Voullas dicir moi rapidamente:

A primeira é que o Partido Popular de Galicia nunca compartirá listas con persoas que non condenan o terrorismo; vostedes si que o farán nas eleccións europeas. (*Aplausos.*) Esta é a primeira rexeneración democrática.

Segunda, non se pode apoiar, como vostedes apoian en Madrid a cambio de nada, un partido que cre que a palabra dada non vale absolutamente de nada; é máis: que cre que cambiar de opinión é unha virtude que hai que poñer en valor.

Nós, todo o contrario. Acabamos de arrancar o goberno, estivemos en funcións; xa estamos a máis do cincuenta por cento de execución dos compromisos dos primeiros cen días, e o





último anunciábamolo esta mesma semana e é a gratuidade total —a primeira comunidade en España— das taxas universitarias para a xente que se esforce e aprobe. Iso tamén é rexeneración democrática.

Terceira medida de rexeneración democrática. Mire, empecen a dicir a verdade, vostedes en campaña electoral... Mire que llo preguntei moitas veces e non foi capaz de dicir o que era evidente: defenden o monolingüismo...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** ...defenden a independencia, apoian a Bildu e cambian de opinión, por exemplo, respecto de Altri, que era un proxecto fantástico porque creron que ían gobernar e, como saben que non van gobernar, que van gobernar pero na sombra, pois entón agora de repente cambian de opinión.

Se quere de verdade que haxa unha rexeneración democrática o que ten que facer, señora Pontón, é romper con Bildu, romper co autoritarismo do seu propio partido, que xa a está empuxando incluso publicamente, e reconciliarse coa verdade. Ten catro anos para poder facelo dende a oposición.

Moitas grazas, señora Pontón. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Rueda, o Partido Popular, condenado por corrupción, dándonos leccións de rexeneración democrática. *(Aplausos.)* Os dos martillazos, si, señor Rueda.

¿Sabe cal é a segunda lección de rexeneración democrática? É que vostede ten a obriga de vir a este Parlamento responder as preguntas que lle facemos os grupos parlamentarios. Esa é a segunda lección de rexeneración democrática. *(Aplausos.)*

Xa llo digo, non vai conseguir que nos desviemos nin un milímetro da pregunta que nós traemos hoxe aquí porque ten vostede que vir aquí responder ante uns feitos que son moi graves. Porque, mire, se todo está tan ben, ¿por que non quere que se faga unha auditoría, señor Rueda? Se non ten nada que esconder, ¿por que está vostede negándose a que eses contratos se auditen? É que é moi simple. Voulle ler algúns titulares que ao mellor nos explican a súa negativa: «Tratos verbais e sen publicidade: así mercou Feijóo mascarillas en pandemia, segundo o Consello de Contas»; «Contas detecta deficiencias nos contratos de emerxencia do Sergas durante a pandemia»; «A Xunta de Feijóo pagou máis de quince millóns de fondos covid á empresa do seu cuñado»; «A Xunta pagou sobrepazos do 37 por cento á empresa que propiciou a comisión de 2 millóns á parella de Ayuso». Está claro, señor Rueda, por que vostedes non queren unha auditoría. *(Aplausos.)*



É evidente que na pandemia había que realizar contratos de emerxencia, pero o que non é presentable nin é admisible é que houbera quen quixese forrarse vinculando esa pandemia con contratos que o único que buscaban era un enriquecemento ilícito. Creo, señor Rueda, que tampouco é democrático —e quizais esta é outra lección de rexeneración democrática— que vostede minta neste Parlamento sobre o que di o informe do Consello de Contas e sobre o alcance do Consello de Contas. Porque o que nos está dicindo neste informe, señor Rueda —que sabemos ler a estas alturas da nosa vida, está publicado e, polo tanto, coñecémolo—, é que hai irregularidades moi importantes nos contratos que puido fiscalizar e que a maior parte da contratación que se fixo durante a pandemia non foi fiscalizada polo Consello de Contas. Polo tanto —insisto—, ¿que teñen que ocultar?

Porque, miren, o problema é que o seu Goberno actuou con opacidade e con falta de transparencia non só durante a pandemia, o problema é que o leva facendo como a forma de gobernar durante todos estes anos. Unha das fórmulas que utilizan son esas adxudicacións a dedo, que son unha discriminación entre empresas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Esas adxudicacións a dedo —remato, presidente— son, por exemplo, eses 1.311 contratos a dedo en cinco anos que lle deron á empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo ou que durante os últimos seis anos adxudicaron a dedo máis de catro mil millóns de euros. Isto é un trato, desde logo, discriminatorio.

Señor Rueda, ten que contestar neste Parlamento porque esa é a súa principal obriga, responder politicamente nesta Cámara. ¿Por que se negan a que haxa transparencia na xestión da pandemia? Está claro que algo teñen que ocultar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, a vostede xa non é que lle chegue con ser xurista, co éxito e o rigor co que falou da Lei electoral, agora tamén é xuíza e, polo tanto, dita sentenzas. ¿Cal é a pregunta exactamente? Eu estoulle respondendo. ¿Cal é a pregunta? Se non nos vale o que di o Consello de Contas... Porque a vostede non lle vale porque non di o que lle gustaría que diga. O Consello de Contas fixo o seu labor, xa vexo que a vostede, como non di o que a vostede lle gustaría, tampouco lle vale. Ten ao seu dispor un instrumento, vostede sábeo, o que pasa é —aínda que sexa por tanta experiencia política en tantísimos anos que leva aquí— que sabe que iso é unha bala que ten que gastar en algo que mereza a pena, se é que a merece. Polo tanto, ¡sexa coherente!, sexa coherente e non veña aquí facer de xuíza e dicirnos a todos, coma sempre, iso dos bos e dos malos, os bos sempre son vostedes e os malos os demais, sobre todo se non están aquí para poder defenderse.



Polo tanto, estoulle contestando á pregunta, señora Pontón, o que pasa é que non teño tempo, (Risos.) son o presidente hoxe tamén rigoroso. (Risos.) Si, si, estaba dando leccións de rexeneración democrática. Van tres, e resúmoas en que pactar con terroristas aquí en Galicia non gusta nada. A vostedes si, despois vai alí, despois é un pouco vergonzoso e despois fai coma que non fixo; pero son os seus socios, vanse presentar agora. Polo tanto, iso hai que telo moi en conta e dicilo moitas veces, ¿ou acaso iso non ten nada que ver coa democracia?

Pero sigo, señora Pontón, rexeneración democrática é non amencer ao día seguinte dunhas eleccións como perdedora e ir a unha radio e dicir que nos vai levar á Fiscalía —por certo, outra ameaza sen cumprir—. A rexeneración democrática tamén é saber perder contra o partido que sacou case o cincuenta por cento dos votos, señora Pontón. A rexeneración democrática tamén é aceptar o resultado, pensar que os gobernos son lexítimos se os elixe a xente, os galegos, aínda que non sexa un Goberno nacionalista ou independentista. A rexeneración democrática é non quedar calada cando un señor tan impresentable como o señor Tezanos volve a esas teorías de pobo alienado e ignorante e di que os galegos en realidade non votaron democraticamente, senón que o que fixeron foi deixarse levar pola influencia das monxiñas e das mariscadoras; e vostede quedou calada absolutamente.

A rexeneración democrática é defender o bo criterio dos galegos. A rexeneración democrática é aceptar, en definitiva, que o pobo é quen decide, e o pobo decidiu; e, polo tanto, non facer estes paripés que vostede fai para intentar dicir que en realidade os galegos... como me dixo o día da investidura «que eu non estou... que non crea que estou lexitimado». ¡Ata aí podíamos chegar! Iso díxoo vostede, señora Pontón, supoño que despois se arrepentiu. «Non, señor Rueda, é que vostede cre que está lexitimado». Non, non dixo nada, total, case o cincuenta por cento dos votos, quen gañou foi vostede e, polo tanto, pode dicir estas cousas que di. Pero —vólvolle dicir— o Goberno da Xunta de Galicia, que vai seguir gobernando con limpeza e con orgullo por moito que vostede o saque, está moi ben; o que di o Consello de Contas non vale nada, pero os titulares dun periódico do que vostede é accionista iso é palabra de Deus. (Aplausos.) ¡Iso é palabra de Deus! Polo tanto, señora Pontón, un pouco de rigor.

Tome nota, aí si que ten que tomar nota o Partido Socialista, que dixo —perdoe que non o cite literalmente, pero creo que lle collín a idea, señor Besteiro— que hai unhas semanas houbo eleccións en Galicia e o pobo decidiu e puxo o Partido Popular no Goberno e o resto na oposición. Se o *shadow cabinet* ese que ten vostede serve para aconsellar na Lei electoral ou para dicirlle que vostede é quen goberna e vostede é quen decide, non me estraña que leve máis de vinte anos na oposición e que cando acabe esta lexislatura leve case vinte e cinco.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Continuamos agora coa orde do día, que é a de preguntas ao Goberno. Agora, xa substanciadas as do presidente, tamén hai que explicar —porque hai deputados e deputadas novas— que a mecánica deste punto de preguntas ao Goberno é: tres minutos para o



deputado ou a deputada que a formula, o Goberno responde por outros tres minutos, réplica de dous minutos e pecha o Goberno con tres minutos. Eu aquí, por norma, aplico sempre un tempo estrito; ao cumprirse os tres minutos apágase o micrófono. Dígollelo para que as preguntas as vaian axustando a ese tempo.

Se lles parece, comezamos coa pregunta de dona Paloma Castro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de seguridade e de protección que ofrecen as sedes xudiciais galegas ás vítimas de violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro. Imaxino, ¿non?, é que como están todos non sei a quen teño que referirme. Imaxino que ao vicepresidente primeiro. (*Risos.*)

Bueno, bo día, señor conselleiro, entón... (*Risos.*) É que —a ver, aclaro isto— moitas veces estas preguntas contestábamus a conselleira de Igualdade, entón tiña a dúbida de quen mas ía contestar agora.

Bo día, conselleiro, en todo caso. Comezo.

A verdade é que esta pregunta pois igual non lles soa de novo, pero temos que seguir insistindo neste tema, sobre todo porque levamos un 2024 moi trágico no que se refire á violencia machista. En catro meses que levamos deste ano van dez mulleres e sete nenos e nenas asasinados no noso país. Esta cifra volve confirmar que a resposta por parte das institucións non está a ser suficiente. Refírome non só á resposta que dende as administracións, como a Xunta de Galicia ou como os concellos, se debe dar en relación coa prevención ou a concienciación, incluso en relación coa protección ou coa resposta social ás vítimas; senón que tamén me refiro a resposta xudicial, que ten que ser rápida e eficaz para que este dereito sexa garantido de forma efectiva.

Por suposto, cómpre aclarar, primeiro de todo, que un maltratador, por riba de todo, non pode ter un réxime de visitas cos seus fillos ou fillas. Para iso, os xulgados de violencia de xénero teñen que funcionar correctamente. Isto implica, por unha banda, que estes espazos sexan adecuados para garantir a seguridade das vítimas e para proporcionar unha situación amable con elas, evitando unha confrontación visual, por exemplo, cos agresores, en lugares cómodos e con privacidade.

Por outra banda, implica que os xulgados, tanto os exclusivos como os que coñecen de xeito prioritario temas de violencia, teñen que estar dotados de persoal suficiente e cunha formación en perspectiva de xénero para así garantir un trato profesionalizado e unha áxil tramitación. Refírome non só a eses xulgados exclusivos de violencia de xénero —que temos dous no noso territorio, dos cales o da Coruña presenta bastantes eivas, pero das que xa



falaremos noutra ocasión —, senón tamén a todas aquelas localidades onde existen xulgados que, non sendo exclusivos, coñecen en materia de violencia de xénero, como os xulgados de instrución ou os xulgados de primeira instancia e instrución mixtos que compatibilizan isto con outras funcións xurisdicionais.

Como xa denunciámos —diciáo ao inicio— en moitas ocasións dende o Grupo Socialista, estes xulgados reciben unha elevada carga de traballo e debido á natureza dos procedementos que alí se tramitan os horarios de traballo moitas veces non son os horarios estritamente xudiciais, senón que se alongan máis do tempo exixido, moitas veces rematando pola tarde. Dende o Grupo Socialista cremos que a Xunta ten que dotar, polo tanto, estes xulgados de máis persoal e compensalos economicamente pola carga de traballo e as características dos procedementos. A maiores, entendemos tamén que este Goberno ten que cumprir coas características e as recomendacións establecidas no Pacto de Estado e dotar dun trato máis axeitado as vítimas. É necesario formar o funcionariado en materia de igualdade e perspectiva de xénero.

Dende o Grupo Socialista tamén defendemos un modelo de atención axeitado e isto exige, por unha banda, unha especial consideración a determinados colectivos especialmente vulnerables, como poden ser mulleres estranxeiras, mulleres con discapacidade etcétera. Por outra, que as dependencias nas que as vítimas deben esperar ou prestar declaración teñen que ter unha atmosfera propicia para poder exteriorizar cara a terceiros os efectos dos aspectos negativos da súa vida e das súas experiencias persoais. Por último, que sexan lugares apropiados para poder estar nos tempos de agarda e evitar esa confrontación...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas. Ten que ir rematando, por favor.

**A señora CASTRO REY:** ...co denunciante ou o denunciado. Por iso, preguntolle: ¿entende que os xulgados do territorio de Galicia son axeitados para cumprir estes fins?

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Castro.

Para dar resposta ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día a todas, señorías.

Retomamos hoxe as sesións de control e agardo que sirvan para facer moitas preguntas e para poder responderlles, sobre todo con ese ánimo construtivo que sempre tentamos entre todos e mirando polo ben de Galicia.

A verdade é que saben vostedes que dende o ano 2015, cando se aprobou o Estatuto da vítima do delito —por certo, cun Goberno do PP—, os poderes públicos teñen a obriga de ofrecer a todas as vítimas unha resposta que repare o seu dano e minimize os efectos traumáticos.



Para iso traballamos cada día en todas as sedes xudiciais de Galicia para ofrecer as máximas facilidades para o exercicio ou tutela dos dereitos das vítimas, para dar mellor información acerca de todos os servizos que teñen á súa disposición as vítimas de violencia de xénero e tamén —moi importante— para evitar as novas vitimizacións.

Saben tamén que o artigo 23 da Carta dos dereitos dos cidadáns di que as vítimas teñen dereito á comparecencia de forma axeitada á súa dignidade e preservando a intimidade, por suposto. Por iso podemos dicir hoxe que en Galicia se garante a protección integral das vítimas de violencia de xénero, a non confrontación visual entre a vítima e o agresor e a espera en espazos separados, se coinciden na sede xudicial.

No día de hoxe —saben vostedes—, dos 45 partidos xudiciais que temos en Galicia, en 35 temos salas específicas para vítimas de violencia de xénero ou ben salas de agarda que poden ser utilizadas nos casos de xulgados compartidos. No resto dos partidos xudiciais, cando os límites espaciais da propia sede xudicial non permiten esas salas, garantimos que non haxa esa confrontación visual entre a vítima e o agresor e garantimos a espera en espazos separados, se coinciden na sede xudicial. Isto está de acordo —saben vostedes— co Plan de transparencia xudicial do ano 2005, no apartado de «Arquitectura xudicial», en que se recollen todas estas necesidades, e tamén coa Guía de criterios de actuación do Consello Xeral do Poder Xudicial en relación coas vítimas de violencia de xénero. Ademais, dende o ano 2024, en Galicia todos os xulgados dispoñen de equipos de gravación e videoconferencia, o cal posibilita que a vítima non teña incluso que repetir a súa presenza cando vai ao xulgado porque xa se pode gravar e se pode poñer a posteriori. Non hai que olvidar as oficinas de atención á vítima que —vostedes saben— teñen como obxectivo a asistencia social e psicolóxica á vítima, incluso o acompañamento aos servizos, e onde poden solicitar á autoridade xudicial medidas de protección antes, durante e tamén na fase de seguimento.

Por tanto, todo isto complétase cos protocolos que temos para a asistencia integral de vítimas, de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero en Galicia, co Protocolo de coordinación de forzas e corpos de seguridade do Estado e tamén co Sergas; e, por suposto, con moita formación a todos os funcionarios. É fundamental a formación e —vostedes saben— estase a dar a todos. Efectivamente, tamén existen...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** ...os convenios cos distintos colexios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Réplica, a señora Castro.

Ten dous minutos.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.





Señor conselleiro, a teoría está moi ben e eu tamén coñezo a lexislación, pero a realidade non é así. A realidade é que moitas sedes xudiciais non están acondicionadas, e que moitas veces se dan situacións indesexables e as vítimas sofren situacións non desexables. Vaia por diante que eu penso que a xustiza é o mellor recurso para loitar contra a violencia de xénero, pois protexe totalmente as vítimas e é a saída a que estas teñen que recorrer, pero si que é verdade que moitos xulgados, ao longo do noso territorio, presentan moitas carencias. Xa non falo —como dicía ao inicio— deses xulgados de violencia de xénero; xa falaremos nalgunha ocasión do Xulgado de Violencia da Coruña, con falta de persoal, que carece de instalacións axeitadas e que ten moitos problemas.

Agora, centrándonos sobre todo neses xulgados mixtos, neses xulgados que atenden materias diferentes, tamén a violencia de xénero, presentan moitas carencias. É competencia do Goberno da Xunta —porque ten as competencias asumidas en materia de xustiza, no que se refire a medios materiais e persoais— adecuar todas estas sedes xudiciais para que cumpran o asignado e o determinado nesa lexislación que citaba vostede. Para iso —dígolle—, vostede ten eses dous millóns e medio de euros que veñen orzados neste orzamento do ano 2024 para obras menores nas infraestruturas xudiciais, e este sería un bo destino, pero, para iso, hai que facer un balance previo de como está a situación e un plan para catro anos, de forma que este estableza os obxectivos a cumprir para poder acadar esa celeridade e esa eficacia en cuestións que —entendemos— son tan claves.

Ademais, a resposta das institucións —insisto— debe ser firme e efectiva para dar unha seguridade e unha confianza ás mulleres vítimas e así poder mellorar esa porcentaxe de mulleres que denuncian, que esta só no trinta por cento dos casos de violencia de xénero; e, para iso —repito—, a resposta ten que ser eficaz e efectiva.

Polo tanto —insístolle—, cremos que é fundamental ese plan para cumprir as exigencias do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, sobre a seguridade, o trato amable e a privacidade. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, o señor Calvo.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidenta.

Igual non o expliquei ben. Dos 45 partidos xudiciais, en 35 existen salas específicas ou que se poden utilizar. No resto hai protocolos que coñecen perfectamente todos os operadores xurídicos e temos formación. Polo tanto, creo que nese sentido temos bastante avanzado. Efectivamente, sempre se pode facer máis, e seguiremos mellorando e facéndoo. Pero, ¿saben vostedes o que axudaría neste eido? Creo que axudaría moito que vostedes apoiasen a creación dese xulgado de violencia de xénero comarcalizado en Santiago.

Por certo, a Xunta de Galicia, nesa Comisión Mixta xunto co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pediuno o ano pasado; o seu Goberno, o Partido Socialista, díxonos que non. Ese





xulgado é moi importante. Primeiro, porque as vítimas terían claro a onde se terían que dirixir e, ademais, estaría unicamente orientado a ser —loxicamente— un xulgado de violencia de xénero, como hai nas outras cidades. Queríámolo levar tamén ao resto de cidades de Galicia, pero o Partido Socialista dixo que non. Por certo, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha pregunta no Congreso dos Deputados e o Ministerio dixo que non había suficientes casos para ter un xulgado aquí. Vostedes, en campaña, foron a Ourense e o seu candidato prometeuno; dixo que se ía abrir inmediatamente. Evidentemente, supoño que non será como a gratuidade da AP-9, que, «se gañamos, abrímolos; e, se non gañamos ou non gobernamos, non facemos nada». Este é un tema moi serio; polo tanto, aí si que poden botar unha man.

Este ano volveremos pedir, xunto co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de novo, un xulgado..., (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** ...un xulgado..., (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Non ten a palabra; non ten a palabra.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** ...un xulgado de violencia de xénero en Santiago. Espero que o apoien.

Tamén poden apoiar pedindo ao Ministerio que nos dote de máis policía, de máis prazas de Policía autonómica, porque, no día de hoxe, temos trescentas vítimas de violencia de xénero que están protexidas ou que as atende a Policía autonómica, e seguimos esperando a que nos concedan máis efectivos para poder cumprir mellor os servizos. Do contrario, o que teríamos que facer sería pechar a Unidade de Policía Adscrita, e todos eses servizos que estamos prestando a ver como os presta o Goberno do Estado, porque sería a súa competencia. Polo tanto, agradézolle a súa preocupación; quero que saiba vostede que estamos facendo todo iso.

En segundo lugar, se quere facer algo máis polas vítimas de violencia de xénero e polo sector en Galicia, axude a que o Goberno do Estado conceda ese xulgado para Santiago.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Calvo.

Continuamos coas preguntas ao Goberno; neste caso, a referenciada na orde do día co punto 5.2.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do pacto de investidura entre o PSOE e o PNV para transferir ao País Vasco a xestión do seu litoral ao tempo que o Goberno central ten paralizada a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Paula Prado del Río.



**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señora presidenta.

¡Bueno!, eu non quería comezar así, pero... ¡vaia día o de onte, señorías, vaia día o de onte! (*Aplausos.*) Creo que é bo recordar de onde vimos (*Aplausos.*) antes de que algúns sigan subindo á ola da Lei do litoral de Galicia.

Por un lado, temos un Partido Socialista que tiña un secretario xeral que apoiaba a Lei do litoral de Galicia ata que apareceu o deputado delegado, o candidato portavoz, o señor Besteiro, e dixo que nada diso, que había que reformar o Estatuto. Hoxe parece que o negou. ¡Bueno!, supoño que agora se arrepentirá. Por outra banda, temos o Bloque Nacionalista Galego, no cal a súa líder pasou de dicir que a Lei do litoral era papel mollado, a dicir, onte, que eles xa sabían que, no Estatuto, se recollían as competencias de Galicia. Outra vez aparecen os cambios de opinión do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

Cando foi o Prestige dicían que a competencia marítima era do Goberno de España porque gobernaba o PP; e agora, coa crise dos *pellets*, dicían que a crise marítima era competencia da Xunta de Galicia porque gobernaba o PP. Está claro que lles falta un artigo na Lei do litoral: se hai un problema na costa galega, a responsabilidade é do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Señorías, o noso Estatuto di expresamente que, entre as competencias exclusivas da nosa comunidade, está a de ordenación do litoral, do mesmo xeito que o Estatuto do País Vasco di tamén expresamente que, entre as competencias exclusivas desta comunidade, está a de ordenación do litoral. ¿Cal é a diferenza? Pois que Pedro Sánchez decidiu, de bo gusto e sen o menor cuestionamento, conceder ao País Vasco o exercicio destas competencias polo módico prezo de cinco votos. En cambio, estas mesmas competencias, igualmente recollidas en ambos os estatutos autonómicos, levan anos sendo negadas a Galicia dun xeito reiterado, furibundo e intransixente. A mesma situación, diferente trato. Cando dicimos que Sánchez agravia Galicia, aquí temos o mellor exemplo. (*Aplausos.*)

E o nacionalismo, en lugar de poñerse do lado de Galicia e apoiar a Lei do litoral de Galicia, púxose do lado de Sánchez: máis Sánchez, menos Galicia; máis nacionalismo, menos apoio a Galicia. Por este motivo, señora conselleira, eu preguntolle: ¿que valoración fai o Goberno galego do agravio que supón para Galicia transferir ao País Vasco a xestión do litoral mentres a lei autonómica galega foi recorrida ante o Tribunal Constitucional e actualmente está en suspenso?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Prado.

Para dar resposta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidenta.



Señora Prado, pois hoxe Galicia está de en hora boa, e, ademais, debemos celebralo. Debémolo celebrar todos os grupos, tanto os que estamos no Goberno como os que están na oposición.

Onte coñeciamos a decisión do Pleno do Tribunal Constitucional sobre o recurso presentado polo Goberno central contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral. Despois dunha longa deliberación —porque foi moi longa esa deliberación: foron varias xornadas—, o Alto Tribunal acaba de avalar que a nosa norma é completamente constitucional e, ademais, faino por unanimidade.

É unha decisión que nos dá a razón e que demostra o que vimos defendendo dende hai meses, é dicir, que Galicia pode xestionar o seu litoral, que Galicia debe xestionar o seu litoral, porque así está recoñecido no seu Estatuto de autonomía, porque recibiu o aval tamén do Consello Consultivo, e porque agora recibe o aval do Constitucional.

Esta sentenza reconece o que viñan reiterando non só o Goberno, senón tamén moitos xuristas a nivel galego: non é necesaria unha reforma do Estatuto para exercer as nosas lexítimas competencias sobre o litoral. Leo textualmente para que non quede ningunha dúbida en relación coa nota que sacou onte o Tribunal Constitucional, e que di o seguinte: «A sentenza descarta que a Comunidade Autónoma deba modificar o seu Estatuto de autonomía para autorizar a ocupación do demanio. Hai que entender incluída a dita función executiva na competencia exclusiva da Comunidade Autónoma sobre ordenación territorial e do litoral. A regulación galega do litoral e dos usos que nel se poden facer non son contrarios nin á Constitución nin á Lei de costas estatal». Polo cal, anúnciollles, ademais, que imos solicitar, de inmediato, o traspaso de medios materiais e persoais para estar en disposición de poder outorgar as concesións. *(Aplausos.)*

Lamentamos que o Goberno central, co seu recurso máis político que xurídico —e, ademais, viñámolo dicindo reiteradamente— ..., *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Silencio, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** ...nos obrigase a percorrer este...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Os deputados que estean en conversas é mellor que vaian fóra da sala.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** ...—é que parece que este tema é pouco importante, cando é totalmente transcendental— ...camiño e que tivésemos que esperar meses pola decisión do Constitucional, xerando tremenda inquedaanza no conxunto do sector da cadea mar-industria e de toda a cidadanía, cando sabemos que a nosa lei era o mellor que lle podía suceder a Galicia.

Superamos atranco tras atranco durante todos estes meses e supuxo unha paralización da norma. ¡Unha pena que tivésemos que chegar a este extremo e unha pena que rexeitasen o diálogo que por parte da Xunta de Galicia...!



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** ¡Unha pena que o BNG e o PSOE non estivesen a carón dos galegos e de Galicia!

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Réplica, señora Paula.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señora conselleira, onte gañou Galicia e Sánchez naufragou, e levaba no seu barco o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. Parece que non lles chegou co naufraxio do 18 de febreiro que só dous meses despois viron como Galicia volvía gañar e como o socialismo e o nacionalismo volvían quedar á deriva. (*Aplausos.*) ¿Por que? Pois unha vez máis pola súa arrogancia e desprezo aos galegos e ás galegas; unha arrogancia convertida en ecoloxismo radical e en ecoloxismo de pancarta: ecoloxismo de pancarta que vimos cando se facía a AP-9 en Galicia e dicían que era unha navallada e agora son os primeiros defensores dela; ecoloxismo de pancarta era poñerse en contra da construción de Alcoa e agora dicir que é unha empresa estratéxica para Galicia; ecoloxismo de pancarta é negar un proxecto industrial despois das eleccións, despois de perdela, cando antes das eleccións aquí apoiaban ese proxecto industrial e dicían que creaba miles de postos de traballo; (*Aplausos.*) ecoloxismo de pancarta é estar en contra da pesca de arrastre en Europa e votar cos Verdes en Europa; ecoloxismo de pancarta, señorías, é ir en contra dos gandeiros e, como fixeron onte o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, votar en contra dunha lei para favorecer o equilibrio entre o lobo e o sector; ecoloxismo de pancarta é enganar cos *pellets* por puro interese electoral; ecoloxismo de pancarta é ir en contra dunha lei do litoral feita en Galicia para protexer a nosa costa e que onte foi avalada polo Tribunal Constitucional.

E dígolles, señorías, que con ese ecoloxismo de pancarta, co seu ecoloxismo radical aquí e en Europa, o BNG e o Partido Socialista van seguir naufragando.

Señorías, mentres en Galicia e co Partido Popular Galicia gaña, vostedes van seguir á deriva moito tempo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidenta.



Señora Prado, mentres que a Galicia nunca se lle deu opción nin sequera de sentar, nin sequera de dialogar, nin sequera de negociar os artigos que se recorrían como inconstitucionais, en Cataluña dicíase que eran constitucionais, e fíxoo moi mal Pedro Sánchez e os seus socios de goberno, e os seus socios de goberno tamén son vostedes.

Eu agardo a que despois de que se pronuncie o Constitucional isto endexamais volva acontecer. Cando se fala de Galicia, hai que estar ao lado dos galegos. Non existía ideoloxía, tendéselles a man, houbo moitísimo o diálogo e, por suposto, moitísima participación, e foron vostedes os únicos que quedaron excluídos. Foi un agravio con Galicia, unha forma de actuar de Pedro Sánchez e dos seus socios de goberno, cunhas decisións que supuxeron unha paralización, pero que agora van supoñer que Galicia sexa a única comunidade autónoma que ten unha lei avalada polo Constitucional, que é a xestión integrada do litoral, conforme dita Europa. Esa é a realidade.

Toca defender Galicia. Farémolo e faremos esa defensa nos 2.500 quilómetros de costa; farémolo por eses 40.000 postos de traballo que estaban perigando e farémolo tamén pola economía: 9.000 millóns de euros de actividade económica, que supón preto do cinco por cento do PIB galego; e todo isto estaba nunha corda frouxa.

Polo tanto, respectamos a decisión do Tribunal Constitucional e, por suposto, estamos satisfeitos, porque, ao final, por unanimidade, acaba de respaldar e recoñece a validez dunha norma. E aquí, señora Prado, eu teño que agradecer o traballo, o traballo inmenso que se fixo polo Observatorio do Litoral de Galicia; traballo inmenso que se fixo por parte de moitos xuristas, catedráticos, profesores de universidade, por asociacións, pola cadea mar-industria; traballo inmenso que fixo o equipo xurídico da Xunta de Galicia; traballo inmenso que fixeron tamén os deputados e as deputadas do Grupo Popular. Déuselles a vostedes tamén a oportunidade de ser un anaquiño máis de Galicia e, sen embargo, descartaron ser uns galegos máis, porque uns arrugáronse, foron seguidistas do Goberno central e cambiaron e mudaron de posición, como foi o caso do PSOE, e outros, os do BNG, endexamais son claros, e dan o non por resposta, pero nunca un paso adiante. E iso non resta votos, señores do BNG, iso fortalécenos. Se vostedes non o queren, ¡alá vostedes! O Partido Popular e este Goberno vai estar ao carón dos galegos, vai estar ao carón do medio ambiente, vai estar ao carón da sostibilidade da costa, pero a sostibilidade da costa non se entende sen as persoas, e as persoas van estar no centro das nosas políticas.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**A señor PRESIDENTA(Candia López):** Moitas grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a necesidade da construción dun pavillón cuberto no CEIP Ponte Sampaio para a práctica da actividade física do alumnado**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a pregunta, e tamén por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.



Bo día, conselleiro.

Hoxe veño falarlle do CEIP Ponte Sampaio. Como vostede sabe, é un CEIP situado nunha parroquia pontevedresa limítrofe co concello de Soutomaior; un colexio que consta de dúas unidades de educación infantil e de cinco unidades de primaria. É un centro de referencia a nivel educativo, e a súa infraestrutura consta dun edificio principal, rodeado de zonas verdes, e dunha pista multideporte.

Está situado, a verdade, nun lugar inmejorable. Como dicía, está rodeado de zonas verdes e ten un campo de fútbol en fronte. Como ve, ten varios lugares para a práctica de xogo, para a práctica dos deportes dos nenos e das nenas deste colexio, incluso desta parroquia, pero todos os espazos son ao aire libre. E por iso e porque tamén vivimos en Galicia e este inverno o sufrimos ben, dende hai tempo tanto a comunidade educativa como a dirección deste colexio pois veñen exixindo un espazo cuberto que poida ser destinado a isto, á práctica da actividade deportiva, ou incluso para as de lecer, por parte do alumnado.

Ante a falta de resposta do Goberno da Xunta ou as respostas evasivas que ata agora se deron, tivo que habilitarse unha aula sita na planta baixa para destinala, polo tanto, á aula de educación física, engadindo nas súas paredes espalderas e cestas para practicar o baloncesto —imaxino—. Pero ese espazo, ademais de non reunir as condicións axeitadas para o seu uso, non só se utiliza para a práctica da educación física, senón que tamén se utiliza como comedor á hora do almorzo, xa que teñen o Plan madruga, ou ao mediodía, ou como salón de actos, pero tamén como espazo de recreo os días de choiva, que, como dicía antes, non son poucos.

Dende o Grupo Socialista entendemos que os nenos e as nenas teñen dereito a ter un espazo individualizado para a práctica deportiva e para o tempo de lecer e que, ademais, reúna unhas características axeitadas que non reúne esta aula. Non pode ser este espazo multifunción, porque dicía que non reúne as características para ser unha instalación deportiva. Polo tanto, o que pedimos aquí e o que pedimos á Xunta e que dote este CEIP de Ponte Sampaio desta infraestrutura.

Todos coñecemos perfectamente o lugar onde se atopa este centro, que pertence ao dominio público marítimo-terrestre; polo tanto, somos conscientes das dificultades, pero sabemos que se pode atopar unha solución compatible coa lexislación de Costas, para que, en todo caso, estableza un espazo axeitado a nivel técnico, a nivel administrativo, que poida cumprir todas estas funcións que lles dicía para a práctica, por exemplo, de actividades deportivas ou para o tempo de lecer.

Vostede falou moitas veces dese Plan de nova arquitectura pedagóxica que anunciou en rolda de prensa e que falaba de como aquel plan ía cambiar de forma radical o concepto de centro escolar en canto ao deseño e á intervención e pensado para afrontar os novos retos educativos. Nós, partindo desta premisa, o que lle pedimos é que creen ese espazo cuberto para mellorar a vida destes nenos e nenas do CEIP Ponte Sampaio. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.





Para darlle resposta ten a palabra o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Moitas grazas, presidenta.

Señora deputada, a verdade é que esta é unha iniciativa ben curiosa plantexada pola súa parte, xa que fai unha descrición dos feitos e, ao final, pois cita unha cuestión que é a clave do asunto, xa que acaba incluso dicindo que se podía facer unha solución compatible. Eu non sei se vostede sabe se a solución é posible ou non. En todo caso, estamos claramente ante unha cuestión que non ten nada que ver coa vontade política; é unha cuestión puramente de lexislación urbanística e de lexislación territorial. Vostede citouno aquí: ese é un terreo que está afectado pola Lei de costas. E tamén non deixa de ser curioso —especialmente no día de hoxe— que o Partido Socialista, presentase un recurso —ten outros cualificativos, xa se dixeron aquí moitos— absolutamente sectario e absolutamente discriminatorio cara a Galicia. Pero é curioso que, por unha parte, presenten un recurso —case un recurso *fake*— ante unha norma que emana de Galicia para xestionar o ámbito do litoral de Galicia, pero, por outra parte, vostede estea plantexando que incumpran a Lei de costas, porque vostede é o que está aquí dicindo. Co cal, a verdade é que é ben curiosa esta iniciativa.

Falou do Plan de nova arquitectura pedagóxica. Os datos están aí, señoría. Estamos a falar, entón, de 1.300 proxectos, de preto de douscentos cincuenta millóns de investimento. E aquí a cuestión, como xa digo, non é unha cuestión de vontade política, é unha cuestión que se pode facer legalmente e urbanisticamente si ou non. Vostede sabe —díxoo— que toda a superficie exterior deste centro educativo que está ao lado do río Verdugo está afectada e que é unha zona protexida pola Lei de costas; en concreto, estamos a falar dunha zona que está dentro absolutamente do ámbito de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. A pista polideportiva que vostede di está dentro dese espazo. Se a cubrísemos, seguramente vostedes denunciarían —o Partido Socialista— por incumprimentos da Lei de costas. Co cal, están nunha situación ben complicada.

As limitacións desa parcela existen, fíxaas a Lei de costas. Non se poden realizar novas construcións, e non está permitido ampliar o volume, a altura ou a superficie das edificacións existentes. Vostede está pedindo que incumpramos a Lei de costas. É máis, o Concello de Pontevedra dende o ano 2015 é propietario deses terreos, e non fixo ningunha modificación urbanística nin ningún plan específico que posibilitase sacar adiante, con base na legalidade urbanística —e tamén territorial, neste caso—, a Lei de costas, o que vostede está plantexando. Co cal, certamente, insisto, non estamos ante unha cuestión de vontade política, estamos ante unha cuestión de legalidade, e vindo de quen vén a iniciativa, e especialmente o día de hoxe, polo menos, polo menos podemos dicir que é unha iniciativa ben curiosa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, señora Castro, ten vostede dous minutos.





**A señora CASTRO REY:** Si. grazas.

Conselleiro, a vostedes, como dicía antes o señor Rueda, foron os galegos e as galegas os que os colocaron alí. Vostedes gobernan e nós estamos na oposición. Polo tanto, a solución técnica tena que acadar o seu equipo, o equipo da súa consellería. Eu xa lle dixen que entendo o lugar onde se atopa e por iso sei que a solución non é axeitada, pero cabe unha solución técnica e caben varias posibilidades, por exemplo, a de ampliar ese pequeno espazo pechado que está anexo ao centro e que ás veces si que se utiliza para resgardarse, porque ten dúas partes semicubertas. Polo tanto, pódese acondicionar ese espazo e ampliálo para que se poida facer alí unha aula dedicada á educación física. Fíxose en moitas ocasións e en moitos terreos que tamén estaban afectados por Costas. Pódolle poñer, por exemplo, o caso do pavillón dos deportes de Pontevedra, que tamén estaba situado na zona de dominio marítimo-terrestre e no que tamén se fixeron actuacións. Agora estamos a falar dun colexio; polo tanto, non se van prohibir este tipo de actuacións.

E despois tamén está a posibilidade de solicitar o peche desa pista que existe alí multideporte, que agora se atopa anexa tamén ao colexio, pero que non está cuberta.

Polo tanto, o que eu lle pido é que busquen unha solución para garantir a igualdade de oportunidades destes nenos e nenas e para que poidan non ter que usar unha aula multifuncional, senón un espazo pechado para poder practicar as clases de educación física, e tamén para poder desfrutar do recreo os días que chove e así garantir unha educación pública de calidade e en igualdade e respecto de todos os alumnos.

Creemos, entendemos e defendemos que os nenos e nenas son o noso futuro e que, polo tanto, merecen levar a cabo a súa educación nun contorno axeitado. Como dicía, os galegos e galegas puxeron no Partido Popular a confianza para gobernar, e, polo tanto, son vostedes os que teñen que intentar buscar unha solución técnica viable, dentro da legalidade, por suposto —non vou ser eu a que inste o Goberno a vulnerar a legalidade, a normativa vixente—, que caiba dentro disto, pero que satisfaga estas necesidades existentes no CEIP Ponte Sampaio. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Castro.

Para a réplica do Goberno, o señor Rodríguez.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Moitas grazas, señorías.

Agradezo que deixe patente que foron os galegos, cando expresaron a súa vontade democrática, os que deron a confianza ao Partido Popular. Agradézoo moito. *(Aplausos.)* E tamén agradezo que diga que hai que buscar unha solución técnica, pero eu aí tamén lles pido a vostedes unha cuestión. Mire, esta é a parcela do centro educativo. *(O señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Rodríguez González, mostra unha fotografía.)* Non sei se se ve ben, pero pódense ver as cores... A zona que está pintada —para entendernos— é a zona afectada por Costas.



Eu agradezo tamén que non nos pida que incumpramos a lei, pero o que vostede nos di de que cubramos esta pista —unha pista multideporte —bastante boa, por certo— que está aquí (*O señor Rodríguez González sinala coa man unha zona da fotografía.*) é dicirnos que incumpramos a lei. Estánolo dicindo, porque expresamente a lexislación di que en zona afectada, en zona de servidume, de dominio público marítimo-terrestre, non se poden incrementar volumes, e, obviamente, facer unha pista cuberta é incrementar volume.

E non vale a comparación co que dixo de Pontevedra, porque en Pontevedra estamos falando dun solo urbano consolidado; categoría urbanística que non existe aquí. Se o Concello modificase a categoría urbanística dese espazo e o convertese en consolidado ou noutro solo hábil para poder desenvolver unha actividade construtiva deste tipo, por suposto que se faría, porque, se algo non se pode negar nos últimos anos é que houbo un grande investimento en materia educativa de mellora dos edificios educativos de Galicia. É obvio, estamos a falar dun parque inmobiliario de máis de mil seiscientos edificios, cunha idade media duns 45 a 50 anos.

Por certo, aquí tamén lle pido ao Partido Socialista que nos axude a unha demanda que lle estamos facendo ao Ministerio. Levamos xa moito tempo demandándolle ao Ministerio que habilite un fondo específico vencellado á rehabilitación e á eficiencia enerxética dos edificios educativos. Pedímolos moitas veces, e moitas veces nos dixeron: «*es interesante*», pero nunca se fixo. E á parte é un uso creo que moi positivo desde a perspectiva tanto da creación de emprego como da mellora enerxética, do aforro enerxético, da loita contra o cambio climático e da mellora das condicións educativas para os nosos nenos e para as nosas nenas.

Gustaríanos nese sentido que nos apoiasen nesta reivindicación para poder facer un plan nacional, un plan específico con fondos europeos; fondos europeos que están fosilizados, en certa medida, nos diferentes ministerios e que non saen á luz. ¡Que bo sería que o Goberno do Estado plantexase e axudase a todas as comunidades autónomas —ja todas as comunidades autónomas!— a desenvolver un plan que complementase o esforzo económico que fan para mellorar o parque inmobiliario, que é semellante en toda España! Creo que sería unha medida tremendamente positiva.

En todo caso, como xa lle dixen, non estamos ante unha cuestión de vontade política, nin moito menos, estamos ante unha cuestión de legalidade urbanística e de legalidade territorial, onde, por unha parte, está a clasificación do solo que depende do planeamento urbano e, por outra parte, hai a clasificación do solo derivada da Lei de costas e os usos permitidos e non permitidos que plantexa a propia lei.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** E, dito isto, o día de hoxe volvo dicir que é ben curiosa esta iniciativa por parte do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor conselleiro.



**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os fondos cos que a Xunta de Galicia prevé financiar o proxecto de Altri**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a pregunta, e por un tempo de tres minutos, ten a palabra dona Patricia Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Señora conselleira, benvida; pero considero que foron desafortunadas as súas declaracións nos medios de comunicación da entrevista que concedeu, de se realmente se quería unha Galicia pobre e de se os galegos e as galegas queríamos unha Galicia máis pobre. Considero, sinceramente, que foron declaracións desafortunadas.

Como dixó o voceiro do PSdeG, Besteiro, os socialistas, se queremos exercer ese control útil e realista como parte da oposición —que sabemos que estamos na oposición—, non sabemos moi ben a que proxecto temos que atender, se ao proxecto 1 —que podemos cualificalo de 1—, que foi declarado como estratéxico polo Consello da Xunta o 29 de decembro do 2022, ou se a outro proxecto, o proxecto 1 bis, que realmente foi o que se someteu á información pública en marzo, logo —iso si— de pasadas as eleccións do 18 de febreiro.

E digo proxecto 1 bis, porque é verdade que nos estratos do Consello da Xunta, e tamén nos medios de comunicación —e digo por parte da Xunta; refírome a por parte da Xunta, non por parte da empresa—, non figuraba como actividade principal a celulosa, e só se fai referencia á fibra téxtil ecolóxica. E tamén, como dicía, no tema dos empregos, parece que desapareceron; pouco a pouco van desaparecendo por arte de maxia. Primeiro eran 2.500 e agora xa perdemos a conta e quedan en 500 empregos directos. Chama tamén a atención que no comunicado do venres pasado o señor Pazos xa fale de 4.000 empregos durante a construción da fábrica. Isto é, non sei se vai sacando a barita máxica ou se vai sacando da chisteira empregos, pero van aparecendo empregos por arte de maxia.

Por iso digo que nós non sabemos moi ben a que proxecto temos que prestar atención. Sabemos que, evidentemente, ese proxecto foi sometido á información pública e que recibiu máis de vinte mil alegacións, que terán que atenderse por parte da empresa e por parte da Xunta de Galicia, que tamén terá que dar explicacións.

Polo tanto, ás persoas do século XXI —e os socialistas situámonos nese sentido— preocúpanos moito —¡moito!— o coidado do medio ambiente, e sobre todo en tempos de incerteza, onde o negacionismo do cambio climático está enriba da mesa. Esta preocupación a vostedes pódelle soar raro, porque entenden o medio ambiente moitas veces como unha moda.

Moitos galegos, realmente, é verdade que están preocupados, porque levan dous anos escoitando as marabillas da grande industria —¡boísima!— que se ía instalar en Galicia para facer fibra téxtil. Os galegos confían, evidentemente, en que se cumpra de forma estrita a lexislación medioambiental: agora, por parte da Xunta, de respecto aos técnicos, evidentemente, que teñen que examinar as alegacións, e que finalizará cunha declaración ambiental estratéxica; pero o mesmo respecto lles pedimos tamén, por parte do Goberno da



Xunta, aos técnicos do Goberno de España que teñen que examinar, que, como sabe, teñen que cumprir o Regulamento de taxonomía e a aplicación do principio de dano non significativo ao medio ambiente, que me atrevería a dicir que ten un plus de requisitos medioambientais respecto da propia declaración ambiental estratéxica.

Por tanto, situámonos; non é chamar á porta para recibir fondos comunitarios, senón que é o cumprimento estrito dos requisitos medioambientais. Por iso, pregunto: ¿está a Xunta disposta a aportar fondos propios por declarar o seu proxecto estratéxico, que a lei prevé que ten preferencia na convocatoria e concesión de subvencións públicas? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Rey.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, por un tempo de tres minutos.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidenta.

Señora Iglesias, se quería falar de Altri, podía ter feito unha interpelación, como o BNG, porque menos mal que, ao final, falou dos fondos, que é a pregunta que vostede viña hoxe facer aquí.

Eu estou realmente sorprendida. Di que non sabe cal é o proxecto. O proxecto está colgado, está en información pública. Son 8.500 páxinas; pode lelas. Ese é o proxecto sobre o que vostedes teñen que ter algún tipo de posicionamento, e non o teñen no día de hoxe. Ese é o proxecto.

O seu grupo ten a información de Altri dende agosto —creo que o dixen onte—, que foi cando a solicitaron. Entón, probablemente non o coñeza porque acaba de chegar, pero consulte, que o Partido Socialista ten a información. E os datos son os mesmos, ¡os datos son exactamente os mesmos!: son 500 empregos directos e 2.000 empregos indirectos. Cando o señor Pazos falaba de 4.000 empregos, era en construción, na fase de construción; aquí non hai nada máis. A partir de aquí, bueno, creo que todo o que lle teño que dicir xa o dixen onte de maneira clara na interpelación.

Non se dea por aludida cando eu falo de que hai determinados partidos políticos que queren que Galicia sexa máis pobre, porque non me estou referindo ao Partido Socialista. Non se dean por aludidos; non estaba falando do Partido Socialista. Eu creo que todo o mundo entendeu perfectamente o que estaba dicindo nesa entrevista. Co cal, creo que vostedes teñen realmente que posicionarse neste punto, teñen que liderar realmente a súa formación política e non seguir fagocitándose todos os días polo que pensa outro partido político. Vostede mesma caeu agora mesmo nisto. ¿Por que se sente aludida? Eu non estaba falando de vostede.

¿Cre realmente que os técnicos de Medio Ambiente non saben aplicar todos eses principios dos que vostede está falando? Claro que todo iso está na normativa europea. E por suposto



que todos os biólogos, os químicos, os enxeñeiros, cando fan as declaracións de impacto ambiental e cando logo fan a autorización ambiental integrada, teñen en conta todos eses principios que están e que se perciben en calquera das directivas ambientais e na normativa ambiental correspondente. Vostede sábeo ben; eu tamén, e creo de verdade que os técnicos da Xunta —e vostede coñéceos— o saben perfectamente.

Polo tanto, non poñan iso en dúbida, que os técnicos da Xunta coñecen absolutamente a normativa ambiental e van ser superrestritos na aplicación. Non o poñan en dúbida. *(Aplausos.)*

Respecto dos fondos, que é o que viña preguntar. Vostedes quedaron con todos os fondos dos PERTE: dos PERTE industriais, 33.000 millóns. Saben vostedes que, deses 33.000 millóns, soamente chegaron ás empresas un 27 por cento. A Galicia, 500 millóns. Todo o resto está no Estado. Diciao claramente o presidente da Xunta hoxe; contestoulle o presidente da Xunta. Nós imos ter absoluto compromiso con calquera proxecto industrial que cree emprego en Galicia, sexa estratéxico ou non estea cualificado. ¡Compromiso absoluto!

¿Pero como me pregunta vostede a min se lle vou dar os fondos que ten o Estado? Pregúntolle, por favor, ao Ministerio de Industria, porque estamos no Parlamento de Galicia, non no Congreso dos Deputados. Eu non son a ministra de Industria. Pregúntelle, por favor, ao Ministerio de Industria.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Señora Lorenzana, a verdade é que non me contestou a pregunta. Vale, iso é unha realidade irrefutable. Eu estáballe a preguntar polos fondos propios da Xunta de Galicia no proxecto Altri; se están dispostos a aportar fondos propios.

A Lei galega do 2015, de proxectos industriais estratéxicos, é unha lei galega, e a súa declaración implica, no artigo 78, preferencia na concesión de subvencións públicas de fondos propios da Xunta de Galicia. É dicir: ¿están vostedes dispostos a aportar fondos propios da Xunta de Galicia? Instrumentos financeiros, evidentemente, hai: no Igape, no Xesgalicia..., e son coñecedora perfectamente, que estiven oito anos de letrada na Consellería de Economía e Industria. Tócalle a vostede —non lle dea a volta á tortilla—, porque están gobernando vostedes, e non fagan oposición á oposición, como están tan acostumbrados. Sabe perfectamente da condicionalidade medioambiental que teñen os fondos de transición do PERTE de descarbonización, e falo de requisitos ulteriores a unha declaración ambiental estratéxica. Non lle dean a volta. E non respondeu claramente a miña pregunta.

E digo máis: estamos, como dicía Antón Costas —o economista e presidente do CES, que recentemente o nomeou académico a Real Academia das Ciencias—, en tempos de incerteza.





A xente quere explicacións, e as decisións políticas téñense que adoptar de abaixo a arriba, escoitando a xente, e non só o que quere dicir a empresa. Escoitando a xente, e sobre todo facendo un equilibrio territorial importante dun proxecto ou macroproxecto onde, evidentemente, vai haber como actividade tamén unha macrocelusosa.

Iso téñenllelo que explicar aos galegos. A pelota está no seu tellado, porque, evidentemente, son vostedes os que gobernan. ¡Ogallá foramos nós os que gobernásemos! (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira, por tres minutos.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidenta.

Eu creo que fun clara, ¡eh!, respondendo, e foi moi claro o presidente da Xunta. ¡Compromiso, absoluto!, pero vostede acaba de plantexar hoxe aquí que quedan sen executar os fondos. Agora mesmo faltan por chegar ás empresas o 70 por cento... Si, iso é así. Eses son datos... (*Murmurios.*) ¡Home!, eu creo que iso non o pode dubidar, son datos... ¡Pois os dá o seu partido! É o que dá eses datos. Entón, se xa dubida dos datos do seu partido, temos un problema.

E vostede o que está dicindo é que os fondos propios da comunidade, en lugar de continuar adicándose ás competencias propias da comunidade —á sanidade, á educación, aos servizos sociais—, nós saquemos deles 200 millóns de euros e os adiquemos a un proxecto estratéxico, que, evidentemente, vai xerar moita economía e moito emprego, mentres o señor Pedro Sánchez devolve a Bruxelas os fondos que non foi quen de executar. É o que está plantexando, porque é a pregunta que me está facendo.

Entón, se existe unha deixación de funcións por parte do Goberno de España, por suposto que dende a Xunta de Galicia teremos que actuar, e teremos que valorar se, efectivamente, o proxecto é viable medioambientalmente —que hai que velo, ¡que hai que velo!—. Se o proxecto chega a ese punto e o Goberno do señor Sánchez non se pronunciou sobre este tema, teremos que tomar unha decisión, e ímolo facer, e ten o compromiso do presidente da Xunta, que llo acaba de dicir hoxe aquí; polo tanto, eu non estou eludindo ningunha cuestión.

Pero, de verdade —e volvo ao punto—, dígollo completamente en serio: teñen que posicionarse. Cando vostede fai a pregunta ou o seu partido fai a pregunta, fala dunha iniciativa empresarial na nosa Terra de imperiosa actualidade. ¿Que opinan vostedes do proxecto? Teñen o proxecto en información pública. Por suposto que se van responder todas as preguntas, todas as alegacións, ¿como non se van responder? Vostedes ¿onde están posicionados? ¿Están posicionados co BNG no negacionismo industrial e, polo tanto, van ir en contra da empresa, da industria, do emprego, ou realmente vostedes lideran un partido político, que é o Partido Socialista de Galicia, e, polo tanto, teñen realmente un posicionamento industrial? Posiciónense industrialmente, tomen as palabras do presidente



e as miñas de onte. ¿Queren vostedes un pacto pola industria e pola economía? Entón falamos. Falen coa empresa —que creo que está en disposición de explicar o seu proxecto—, que é quen coñece ben o proxecto. Porque —reitero—, por moito que diga o señor Besteiro que un proxecto porque teña axudas públicas non se converte nun proxecto público, é un proxecto dunha empresa privada, e vostede sábeo ben, que efectivamente é letrada da Xunta.

Polo tanto, falen coa empresa e por suposto ao dispor toda a información que vostedes queiran coñecer sobre este proxecto. E cando o coñezan ben, posiciónense. ¿Onde están? ¿Coa modernidade, coa industria, co emprego, coa evolución de Galicia ou no atraso e co BNG? Teñen que tomar unha decisión e o Partido Socialista ten que tomar unha decisión. Píddllo por favor, señora Iglesias.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Antes de dar paso á seguinte pregunta, saudamos e dámoslles a benvida aos alumnos e alumnas do 1º curso do grao medio de Xestión Administrativa e do 1º curso tamén do grao superior da Administración e Finanzas do Instituto de Educación Secundaria Gregorio Fernández, de Sarria. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos coa pregunta que na orde do día leva o número 5.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego co obxectivo de que Galicia sexa incluída no Programa Viena, da Sareb, que prevé a construción de 3.500 vivendas para alugueiro accesible en dez comunidades**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra, por parte do Grupo Popular, dona María Deza.

**A señora DEZA MARTÍNEZ:** Grazas, señora presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Indicaba vostede onte nesta Cámara que a política de vivenda constitúe un pilar fundamental das súas atribucións, porque, como recalcou, todos somos conscientes de que a vivenda, dispor dun fogar digno en propiedade ou en alugueiro, é un aspecto capital para o desenvolvemento vital de todas as persoas.

E así o leva demostrado o Executivo galego e, en particular, tamén no mercado de vivenda de alugueiro. Neste senso, a Xunta conta dende hai anos cun programa de mobilización de vivendas baleiras, que, como manifestaba vostede onte, está dotado nesta anualidade con 37 millóns de euros e que incentiva os propietarios para que saquen en alugueiro os seus





inmobles baleiros, garantíndolles asistencia xurídica gratuíta, un seguro por impago das rendas e multirrisco fogar.

Así mesmo, a Xunta tamén acaba de publicar este mes a convocatoria de axudas para rehabilitar pisos baleiros incluídos no programa de mobilización de vivendas baleiras para o alugueiro e outórganse axudas directas ao alugueiro tanto á poboación en xeral como a mozos e aos colectivos máis desfavorecidos, sen esquecer o anuncio que fixo tamén onte vostede dunha nova liña de axudas para a construción de vivendas en alugueiro para promotores.

Namentres, o señor Sánchez anunciaba en abril do pasado ano un plan para mobilizar 50.000 vivendas da Sareb para alugar a prezos asequibles, entre as que se encontran as vivendas que supostamente se construírán dentro do proxecto Viena.

O obxectivo deste proxecto é construír en varias fases ata un total de 15.000 vivendas en colaboración público-privada que serían destinadas ao alugueiro asequible. Agora ben, nunha primeira fase executaríase un total de 3.500 vivendas, cun investimento privado de 400 millóns, en 42 solos, distribuídos en dez autonomías, entre as que non se atopa Galicia. A entidade continúa co baile de cifras que caracterizou as declaracións do presidente de Goberno, incapaz de poñer unha cifra certa de vivendas que supostamente ía poñer á disposición das comunidades. O certo é que a Xunta de Galicia foi unha das primeiras comunidades en negociar coa Sareb a cesión de vivendas, conseguida a cesión de case cincuenta vivendas. A comezos do 2023 a Xunta adquiriu corenta desas vivendas, por un importe de case 3,5 millóns de euros.

Neste contexto, e dado que é necesario coñecer o alcance total do proxecto Viena e as perspectivas de que Galicia forme parte ou non desta iniciativa, pregaríalle que me responda: ¿que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para que a nosa Comunidade Autónoma sexa incluída no proxecto Viena da Sareb, que contempla a construción de 3.500 vivendas en dez comunidades?

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para darlle a resposta, ten a palabra, por tres minutos, a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señora presidenta.

Señora deputada.

Como ben explicou vostede, señoría, o proxecto Viena é unha iniciativa do Goberno de España, a través da Sareb, con colaboración público-privada, para a promoción de construción de vivenda destinada a alugueiro accesible. No fondo trátase dun programa, dun proxecto cuxa finalidade é compartida polo noso Goberno galego, pois, como ben sabe e ben



dixo, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten como un dos seus obxectivos prioritarios facilitar o acceso dos cidadáns a unha vivenda.

O que sucede é que, a pesar de que coincidimos no fondo do proxecto, discrepamos rotundamente na forma na que o Goberno de España está a xestionar o dito programa. Primeiro, porque non houbo interlocución ningunha co noso Executivo; é máis, tivemos coñecemento o pasado mes de outubro a través dos medios de comunicación. E, segundo, porque a nosa Comunidade Autónoma queda fóra do proxecto Viena. Queda fóra desa fase inicial de construción de ata 3.500 vivendas, non inclúe Galicia, e non sabemos moi ben por que nin que criterios está a empregar o Goberno de España para adoptar esta decisión.

Por suposto que dende a Xunta de Galicia requirimos oficialmente en varias ocasións explicacións ao Goberno de España, pedíndolle rectificación para que inclúa a nosa Comunidade Autónoma no dito proxecto. Requirimos a Sareb e dirixímonos tamén á ministra de Vivenda e Axenda Urbana, sen resultados: por unha banda, a calada por resposta da ministra e, por outra, cun protocolario acuse de recibo. Seguiremos insistindo, señoría.

Na Xunta, como ben dixo, levamos moitos anos requirindo á Sareb o traspaso das vivendas. E temos experiencia sobrada neste tema. Fomos unha das primeiras comunidades autónomas en que a Sareb nos cedeu pisos, alá polo ano 2015, case medio centenar de pisos, que foron xestionados pola Xunta, a través do IGVS, en réxime de alugueiro accesible. É certo que tivemos que mercalos en 2023, por importe de 3,4 millóns de euros. Levamos dende aquela insistindo en que a Sareb nos ceda máis vivendas, sen ver colmadas as nosas exixencias.

En todo caso, señoría, claro que non imos ceder no noso empeño de que Galicia sexa incluída no proxecto Viena. De feito, a semana pasada o director do IGVS remitiu unha nova carta, desta vez ao director de Xestión na Administración Pública e Relacións Institucionais, instando o Goberno, de novo, a que Galicia forme parte dese Programa Viena e pedíndolle información oficial seria e detallada ao respecto do número de vivendas que ten na nosa comunidade autónoma e do prazo de que dispoñen para pólas en marcha.

Moitísimas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica, señora Deza, dous minutos.

**A señora DEZA MARTÍNEZ:** Si.

Como ben sinalaba vostede onte, señora conselleira, a vontade do Goberno galego para facilitar o acceso á vivenda en alugueiro é indiscutible. Por iso, é inaceptable que a nosa Comunidade quede fóra do proxecto Viena, ao contrario do que sucede con outras comunidades autónomas. É curioso que en Cataluña se vaian construír a meirande parte desas vivendas nesta primeira fase, un total de seiscentas.



Que o Goberno do Estado non medie ou dialogue co Goberno galego xa é algo que non nos debe sorprendere, e, se non, mire o que comentamos esta mañá aquí —que comentou a señora Paula Prado— sobre a Lei do litoral, avalada agora polo Tribunal Constitucional.

Ao igual que as comunidades autónomas si incluídas, Galicia ten o dereito de recibir —como vostede indica— información detallada e oficial sobre o número de vivendas previstas e o prazo para poñelas en marcha. A realidade é que o anuncio de Pedro Sánchez de destinar a alugueiro 50.000 vivendas da Sareb se está a demostrar que non é nada máis que fume. Desas 50.000 vivendas, 14.000 están habitadas ou ocupadas, 15.000 hai que construílas, e das 21.000 que quedan tan só 9.000 estarían en disposición de ser habitadas.

Segundo o mapa publicado na web da Sareb, dentro das 21.000 vivendas postas á disposición das administracións públicas, a sociedade dispón en Galicia dun total de 1.513 vivendas, a meirande parte destas vivendas situadas fóra da zona de máis demanda, polo que moitas destas se sitúan fóra das grandes cidades.

Creo tamén que debemos incidir aquí en que un dos principais factores na redución do alugueiro tradicional é a inseguridade xerada tras a aprobación da Lei de vivenda. As medidas intervencionistas adoptadas polo Goberno central causan o verdadeiro problema do alugueiro. O importante é que exista un marco xurídico estable, e iso é o que non aporta a Lei antivivenda.

Non obstante, a Xunta si que fai os deberes e avanza na súa estratexia de vivenda, como ben remarcaba onte vostede, por exemplo, no caso do barrio vigués de San Paio de Navia, onde a Xunta construírá 201 novas vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro, por un total de 36 millóns de euros.

En todo caso, conselleira, ¿que estratexia pensa seguir desde a súa consellería para poder dispor das vivendas da Sareb ubicadas en Galicia?

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señora deputada, non dubide de que seguiremos reclamando, por todos os medios posibles, ao Goberno de Pedro Sánchez un cambio de criterio para que inclúa Galicia no Programa Viena. Seremos constantes nas nosas peticións. Temos un mesmo denominador común, que é a necesidade de que o Goberno de España actúe con claridade, con transparencia e con equidade.

É necesario que a Sareb, de xeito gratuíto, ceda as vivendas ao IGVS, para que este poida integralas no seu parque público de vivendas. É necesario que Pedro Sánchez cumpra co seu compromiso, que as palabras se convertan en feitos e que os feitos estean sustentados na



equidade territorial, priorizando as actuacións, en todo caso, en función das necesidades reais e non de intereses partidistas.

É necesario que o Goberno central facilite datos certos sobre que vivendas dispón a Sareb, cantas e onde se encontran. É necesario, por suposto, que as vivendas que ofrezan estean emprazadas en concellos nos que exista demanda de vivenda en alugueiro, pois de nada serve que se poñan á disposición pisos en concellos que non os necesitan.

É necesario tamén que estas vivendas estean en condicións do estar habitadas —como ben dixo—, que dispoñan de licenza de primeira ocupación.

É dicir, é necesario que o Goberno central deixe de utilizar en beneficio propio un asunto tan sensible como é a falta de vivenda. Non se entende como unha sociedade con capital público como é a Sareb, na que debe prevalecer en todo caso a vocación social, exclúa dun programa Galicia sen dar ningún tipo de explicación para este rexeitamento.

É imprescindible que o Goberno de España sexa transparente, ofrezan información, predique co exemplo e cumpra o prometido. É obvio —como ben dixo— que a estas alturas as 50.000 vivendas que a Sareb tiña diseminadas por toda España e que o Goberno de España ía pór á disposición das comunidades autónomas non é máis ca fume; 14.000, efectivamente, están ocupadas de modo ilegal; 15.000 non existen porque son as que o Goberno inclúe no proxecto Viena, no que, por certo, non estamos incluídos nesta primeira fase; 12.000 precisan obras de reparación para a súa posta á disposición. Hai moi pouca información oficial e ningunha explicación do Goberno central.

Señoría, seguiremos pedindo a inclusión de Galicia no proxecto Viena e non dubide tampouco de que seguiremos reclamando ao Goberno central que nos ceda de modo gratuíto os pisos dos que dispón a Sareb no noso territorio para poder destinalos ao alugueiro social.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado en que se atopan as obras dos eixes de mobilidade sustentable que se están a desenvolver nas cidades de Ourense, Santiago de Compostela e Pontevedra**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** Bo día.

Grazas, presidente.

Antes de nada, darlle a benvinda, conselleira. Desexámoslle moitísima sorte neste novo cometido para continuar o labor e o traballo desenvolvido polo Goberno galego impulsando durante todos estes anos infraestruturas de Galicia e agora tamén a vivenda, que vai depender de vostede.



Por entrar xa no tema que nos ocupa hoxe, o Partido Popular leva anos apostando e fomentando unha mobilidade máis verde na nosa Comunidade e leva anos xerando desprazamentos máis seguros e accesibles para os usuarios máis vulnerables nas nosas estradas, a través dunha rede de itinerarios peonís e itinerarios ciclistas nas estradas de titularidade autonómica. Son xa a estas alturas máis de trescentos quilómetros de extensión espallados por todo o territorio galego, a través dun plan de sendas que no día de hoxe xa está familiarizado con todas as galegas e os galegos; unha primeira fase practicamente finalizada e as obras relativas á segunda fase en pleno desenvolvemento.

E sobre iso e respecto a isto é a pregunta que o grupo maioritario desta Cámara lle queremos formular hoxe. Mais, como imos falar de feitos, a min gustaríame facer unha pequena reflexión.

Nesta bancada está o Grupo Popular, ¿non?, está o grupo maioritario da Cámara e o grupo ao que fai dous meses os galegos volveron confiar a xestión e a defensa dos intereses de Galicia para os próximos vindeiros catro anos, aínda que algúns ou algunhas no día de hoxe non fosen quen de asimilalo aínda. E cando un pobo lle dá masivamente o respaldo a un grupo, faino por algo, iso está claro. E o pobo galego fíxoo pola xestión e polas accións que o grupo do Partido Popular e o Goberno galego leva demostrando todos eses anos. E aí radica a diferenza entre uns e outros: nos feitos e nas prioridades.

Mentres o Goberno galego está a enfocar os seus esforzos en desenvolver políticas que benefician as persoas, políticas que melloran a mobilidade, a través por exemplo do Plan de sendas ou a mellora ao acceso ao transporte público coa Tarxeta Xente Nova ou coa Tarxeta +65, outros partidos que din defender Galicia céntranse máis en enfoques ideolóxicos e nos seus propios intereses, que, por suposto, non coinciden cos intereses das galegas e dos galegos, e, por acción ou por omisión, pois permiten que se tomen decisións que prexudican os nosos cidadáns.

O acontecido coa Lei galega do litoral, que ben relatou a nosa viceportavoz, pero hai moitísimos máis exemplos. Hoxe hai un mapa estatal de autobuses, que pretende implantar o señor Pedro Sánchez, que aínda segue agochado nun caixón e que imos ver como remata, pero que, dende logo, imos defender dende este grupo.

Polo tanto, dúas formas diferentes de gobernar: a dun Goberno central que non pensa en Galicia e a do Goberno do presidente Rueda e do Partido Popular, que si teñen unha estratexia de mobilidade.

Nós queríamos hoxe que nos falase do futuro dese Plan de sendas e deses eixes de mobilidade que están a desenvolver por todo o territorio galego.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.



**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Bo día, presidente.

Señora deputada, efectivamente, pór á disposición dos cidadáns infraestruturas e servizos que fomenten desprazamentos libres e sostibles e mais que permitan espazos para peóns e ciclistas é unha das liñas de actuacións que temos no Goberno galego.

Estas actuacións realizámolas, efectivamente, a través do Plan de sendas, unha rede de itinerarios peonís e ciclistas na que levamos desenvolvidos máis de trescentos quilómetros nas nosas estradas autonómicas, unha liña na que levamos investindo 50 millóns de euros e seguiremos afondando ao longo desta lexislatura.

De feito, nos orzamentos deste ano 2024 temos consignada a partida orzamentaria para este fin por importe de 15 millóns de euros. Dedicarémola a novas comarcas como O Baixo Miño, O Condado, Deza, Sarria ou O Barbanza.

Coa experiencia acumulada no desenvolvemento deste Plan de sendas e con clara vocación de seguir transformando a mobilidade, tamén apostamos pola recuperación das fachadas marítimas, abrir as cidades ao mar. Estamos a traballar xa en cidades como Ferrol ou como Vigo, en colaboración coas autoridades portuarias.

E tamén, como salienta vostede, señoría, estamos a actuar nun ámbito máis urbano, neses eixes de mobilidade sostible nas contornas das grandes cidades, que comezamos en sendas metropolitanas dos concellos de Santiago, Ourense e Pontevedra.

A pretensión é aproveitar o máximo posible a liña de financiamento aberta da Unión Europea a través dos fondos Next Generation. Pero tamén é verdade que, debido aos impedimentos postos polo Goberno central á hora de asignar estes fondos, temos que buscar outras vías de financiamento complementario, como son os fondos Feder.

Esta actuación estratéxica é ambiciosa e ponse de manifesto, por un lado, coa lonxitude dos itinerarios, case vinte quilómetros en conxunto nestes tres cidades de Santiago, Ourense e Pontevedra; polo seu custo económico, 26,5 millóns de euros; pola complexidade na execución das obras, que de entrada supuxo a expropiación de máis de cincocentas parcelas. E co fin de facilitar a realización destes traballos e minimizar as afeccións e importe tanto a cidades como a cidadáns, optamos por dividir as actuacións en varios treitos, en dez treitos.

Polo tanto, e contestando á súa pregunta, voulle dicir o estado no que se encontran estes treitos. Un deles xa está rematado, sete están en execución. O vindeiro mes comezaremos as obras doutro destes treitos e o restante, o que queda en Pontevedra, licitarémolo nas vindeiras semanas.

O obxectivo, como pode imaxinar, é facer cidades máis humanas, máis atractivas, máis amables para peóns e ciclistas, fomentar en fin os hábitos saudables e garantir a seguridade viaria dos seus usuarios.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Pérez López.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** Grazas, conselleira.

Queda claro que este goberno ten e traballa nunha estratexia de mobilidade sostible coa que coidar todos os galegos e coa que coidar, en definitiva, todo o planeta.

Dicía vostede que están a impulsar grandes eixes de mobilidade sostible e segura nas contornas da cidade. Falaba da cidade de Santiago de Compostela, un eixe que pretende unir O Milladoiro, dende Ames, coa estación intermodal, que está aquí ao noso carón, ¿non?, pero que, ademais, eu sei que é moito máis amplo, que entronca con ubicacións singulares desta zona. Eu pediríalle que, se pode, nos detallase máis polo miúdo esa actuación.

E se mudamos de provincia, tamén falaba vostede de Pontevedra. Eu sei que moitos veciños, pero tamén moitos visitantes, poderán en pouco tempo ver a transformación da PO-546 que unirá a través dunha gran senda peonil e ciclista Marín con Pontevedra. Tamén, se pode, nos gustaría ao grupo do Partido Popular que afondase nese novo eixe.

E a que máis coñezo a senda de Ourense, un investimento da Xunta de Galicia que percorrerá a miña cidade de norte a sur, que vai unir a estación intermodal co palacio de exposicións e feiras de Ourense, con Expourense, e que vai comunicar os principais equipamentos da nosa cidade, e que, dende logo, eu garanto que vai ser un valor engadido ao seu remate para a cidade de Ourense e para o futuro da cidade de Ourense.

En definitiva, o que queda claro coa súa exposición de hoxe é que hai moitas actuacións postas en marcha por toda a xeografía galega, as que están en marcha e que, unidas ás xa finalizadas, van reducir o uso do transporte individual e van contribuír, sen dúbida, á mellora da saúde e da calidade de vida de moitos galegos.

Polo tanto, eu pediríalle, se pode, que afondase nesas tres sendas periurbanas das que vostede nos deu conta na súa primeira intervención.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señora deputada, no que atinxe ao eixo de mobilidade da capital de Galicia, Santiago, que conectará, como ben dixo, O Milladoiro co complexo hospitalario, intermodal e complexo administrativo de San Caetano, en conxunto suma once quilómetros de lonxitude e ten un investimento de preto de doce millóns de euros.



A execución fraccionámola en tres tramos. A finais do pasado mes de febreiro iniciamos as obras do treito entre a estación intermodal e o complexo administrativo de San Caetano. A comezos deste mes de abril, e cun prazo de execución de dezaoto meses, iniciamos os traballos que discorren entre O Milladoiro, no concello de Ames, e a intermodal aquí de Santiago. E a previsión que barallamos é que o terceiro treito, que dará acceso ao hospital clínico e terá unha duración de catorce meses, poida estar xa en obras a mediados do vindeiro mes de maio.

No que atinxe ao eixe de mobilidade sostible en Pontevedra, dividido en cinco actuacións diferenciadas, pois supón intervir practicamente en todo o trazado da PO-546, da estrada vella de Marín e Pontevedra. A primeira fase, en Estribela (Pontevedra), xa está rematada. Temos tres teitos en execución: a segunda fase do casco urbano de Estribela, a fase de Marín e o parque disuasorio de Lourizán, que permitirá o fomento dos vehículos compartidos con ata 71 prazas. Un quinto treito, Mollabao-Praceres, de maior complexidade técnica e de maior custo económico, sacarémosto a licitación nas vindeiras semanas; o seu financiamento, por riba dos 6,2 millóns de euros, irá a cargo dos fondos Feder, posto que, como expliquei antes, o Goberno central negouse a incrementar a partida inicial asignada para estas actuacións cos fondos Next Generation.

E no que atinxe ao eixo de mobilidade sostible de Ourense, suporá un investimento de 5,4 millóns de euros e permitirá conectar, efectivamente, como ben dixo, os principais equipamentos da cidade. Están en obras xa os dous treitos que se distribúen nas actuacións paralelas. Os traballos prevense, señoría, que estean rematados a principios de 2025. Son a coñecida como senda do río Barbaña, que conecta a zona do pavillón dos Remedios con Expourense, e o treito da estación intermodal e a ponte vella.

En resumo, agardamos que a mediados do vindeiro ano 2025 os veciños de Santiago, Pontevedra e Ourense poidan facer uso destes eixes de mobilidade sostible en conxunto, e que suporá vinte quilómetros de senda e cun investimento de máis de 26 millóns e medio de euros.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para unha mellora na dotación material e profesional da nova Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, benvido ao Parlamento galego.

Vostede iniciou a súa andaina no cargo afirmando que había que coidar a quen coida. Hoxe terá a oportunidade de que iso non quede en palabras baleiras e adquirir algún compromiso.



Porque o seu Goberno decidiu reformar a UCI de Ourense e impulsar un novo modelo adaptado ás leccións da pandemia, máis illamento das e dos doentes e máis tecnoloxía. Iso sobre o papel pois era unha boa noticia, mais o problema é o resultado. O resultado foi que nestes momentos hai problemas de seguridade laboral, e iso ademais trae unha sobrecarga para os traballadores e traballadoras que redunda nas dificultades para manter a calidade asistencial.

E ¿por que? Porque isto aconteceu porque vostedes, ademais de malos xestores, fan algo moi habitualmente, sobre todo en Ourense, que é non dialogar e non escoitar. Non falaron con nin un só do persoal que traballa no día a día da UCI de Ourense a pé de cama, nin para planificar nin tampouco unha vez se fixo o traslado e empezou a haber problemas.

E mire, a UCI abriu xa hai catro meses, catro meses nos que o persoal reiteradamente trasladou escritos á xerencia do hospital, catro meses nos que o persoal tamén reiteradamente e co apoio da cidadanía (*A señora Presas Bergantiños mostra unha fotografía.*) se mobilizou unha e outra vez reclamando ser escoitados e escoitadas, e nestes catro meses nin sequera o señor xerente do Hospital de Ourense se dignou a sentarse co persoal; soberbia tras soberbia, mentres o persoal está saturado. (*Aplausos.*)

E o persoal, a quen agradecemos o seu enorme traballo, simplemente pon dúas cuestións enriba da mesa. A primeira, que hai deficiencias na nova instalación, tanto materiais como procedementais, que hai que subsanar; e a segunda, e máis importante, que coa nova estrutura precisan máis persoal para atender correctamente as súas funcións.

E o que están a pedir, señor conselleiro, é algo tan elemental como que se cumpran as recomendacións tanto do ministerio como da comunidade científica, que é que unha UCI de nivel 2 precisa ter unha enfermeira ou enfermeiro cada dous doentes. Iso no día de hoxe non se está a cumprir na UCI de Ourense.

O persoal pide un reforzo mínimo e diálogo, un reforzo mínimo que se trataría simplemente dun posto de traballo máis de enfermeiro ou enfermeira por quenda, e simplemente un reforzo de celador ou celadora nas primeiras horas da mañá, pola importancia que ten esa franxa horaria para asear as e os doentes e para desprazalos ás súas probas. É o mínimo que precisa o CHUO para ter unha UCI que sexa realmente de segundo nivel e que non sexa unha UCI de segunda.

Polo tanto, señor conselleiro, hoxe ten a oportunidade de comezar con feitos e non con palabras. ¿Que vai facer o Goberno galego para subsanar os seus erros na apertura da nova UCI de Ourense? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.



A ampliación e renovación integral da UCI do Hospital de Ourense constitúe un gran paso porque adaptamos unha instalación de coidados críticos aos requirimentos xurdidos tras a pandemia covid-2019, cunhas actuacións orzadas en máis de oito millóns de euros. Pasaremos dunha UCI dos anos oitenta e de 22 camas a unha nova de trinta camas, incrementando a súa capacidade asistencial en máis do trinta por cento. Ademais de camas, esta nova UCI incorpora a tecnoloxía máis moderna: boxes individualizados, boxes de illamento, renovación de aire individualizada en cada box, guindastres individuais en cada box, a última tecnoloxía en alarmas e seguimento; en resumo, son medidas dirixidas a unha maior seguridade e calidade. Os coidados de humanización tamén están presentes nas prestacións, e, para iso, dispón de instalacións específicas para o descanso dos familiares acompañando os seus achegados, e isto facilita e mellora a confortabilidade destas persoas tan importantes no apoio aos pacientes.

Debido á complexidade e á dificultade de realizar estas actuacións nun recinto en funcionamento, realizouse un plantexamento na obra en dúas fases: unha primeira fase, dotando con dez boxes unha antiga área de hospitalización convencional e unha segunda fase de peche das antigas instalacións da UCI e a construción das dúas novas áreas con dez novos boxes cada unha. Ademais, para garantir a continuidade asistencial e cubrir as necesidades existentes, de maneira simultánea á apertura da fase primeira, habilitouse un espazo temporal, é dicir, a unidade de recuperación postanestésica dotada con dez camas.

A nova unidade de coidados intensivos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense supón un absoluto cambio de século para os doentes que atendemos, mellorando aspectos de seguridade clínica, monitorización, individualización, humanización e luminosidade. Todo o proceso de apertura e posta en marcha contou, en todo momento, coa participación do persoal da UCI, contando cos mandos intermedios e con distintos colectivos profesionais a través de diversas instancias. A partir do verán, seguiremos traballando de cara á posta en marcha da segunda fase da unidade.

Por agora, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Mire, señor conselleiro, as infraestruturas son necesarias nun hospital, moi especialmente, nun hospital como o de Ourense que, basicamente, é o «hospital dos Remendos». Iso non o poñemos en cuestión; o que poñemos en cuestión é que é falso que vostedes consultaran previamente, durante ou posteriormente, ou nestes momentos, o persoal que traballa a pé de cama, *(Aplausos.)* que é o que ten despois que xestionar a medicación, a atención, a xestión das probas e demais.

Iso non o di o BNG, é que o din os traballadores e as traballadoras que estiveron rexistrando escritos *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* xa desde novembro —xa desde o mes de novembro—, e a dirección soberbia e autoritaria do Hospital de Ourense non os escoitou. O seu xerente escoitou tarde, mal e a rastro algún mando intermedio, pero no día de hoxe non hai solucións.



E a min paréceme moi ben o recordatorio de todas as fases e toda a planificación. A cuestión é que, primeiro, é de malos xestores investir 8 millóns de euros e que haxa aínda, hoxe en día, eses problemas; moitos materiais. Pero a cuestión que queremos poñer hoxe enriba da mesa é que vostedes incumpren a *ratio* que recomenda tanto o Ministerio como as sociedades científicas; polo tanto, ¿van asumir que erraron e que ese incumprimento da *ratio* cunhas novas instalacións, que traen efectivamente máis illamento dos doentes —o cal é algo positivo—, pero que impiden que os traballadores dean feito o mesmo traballo en diferentes condicións?; ¿van poñer unha solución ou non?; ¿pensan vivir eternamente a expensas da sobre-explotación do persoal? É que, mire, no Hospital de Ourense está protestando o persoal da UCI por unha cuestión tan elemental como reforzar unha enfermeira por quenda —algo tan elemental— e unhas horas de celador para axudar polas mañás; pero é que teñen vostedes tamén en pé de guerra todo o Servizo de Urxencias, sobreesaturado desde antes da pandemia; teñen vostedes tamén persoal de especialidades protestando; teñen vostedes a atención primaria tamén protestando.

Teñen un problema enorme cando hai tantas voces tan diferentes poñendo enriba da mesa a saturación e a falta de persoal na sanidade ourensá. Hai un problema real que vostedes non queren ver, e a súa soberbia non vai contribuír para que se solucione.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, pedímoslle unha rectificación. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Moitas grazas.

Insisto, dende o primeiro momento desta renovación participaron activamente a Xefatura e a supervisión do Servizo, ademais dunha enfermeira experta da propia unidade que declararon en todo momento as distintas propostas e actuacións.

Desta maneira, leváronse a cabo máis de cinco reunións cos profesionais do Servizo, nas cales se valoraron, entre outras cousas, as propostas de distribución do persoal na unidade. Boa mostra desta disposición a escoitar é que as supostas deficiencias das reformas denunciadas por unha organización sindical foron avaliadas polo Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios. Na visita da inspectora, tan só se puideron observar dúas deficiencias: a posibilidade de confusión entre as alarmas das bombas de infusión e outras alarmas da unidade e certas características ergonómicas deficientes. Ambas as deficiencias foron xa corrixidas, demostrando así que, ademais de escoitar, actuamos para poñer solucións; polo tanto, dicir que o resultado da execución é deficiente resulta, canto menos, atrevido.

No ámbito da Enfermaría, dispoñemos de 48 enfermeiras, 1 supervisora e 34 técnicos en coidados auxiliares de Enfermaría. Deste xeito, dispoñemos de 4 enfermeiras e 3 técnicos por cada unidade de 10 pacientes e quenda, o que supón estar na *ratio* do persoal das UCI.



Contamos, ademais con 1 supervisora da UCI e con 1 enfermeira adicional de apoio asistencial en quenda de mañá de luns a venres. Para estimar as necesidades de persoal de Enfermaría dunha unidade, débense ter en conta unha serie de factores, como son: as cargas de traballo, o nivel de gravidade dos pacientes, a tipoloxía dos enfermos ingresados e a súa complexidade. Relacionado coa tipoloxía de pacientes e coidados, nesta UCI a tipoloxía vén sendo dunha complexidade menor, debido a que o Hospital Universitario de Ourense non dispón de unidades intermedias, polo cal esa unidade asume casos cun nivel de carga asistencial menor que noutras unidades máis complexas.

Como ven, independentemente de calquera instalación, debemos facer axustes para adaptarnos ao desenvolvemento óptimo dos profesionais e dos pacientes, esta nova unidade de coidados está á vangarda e supón unha mellora substancial no Servizo.

Sen prexuízo do anterior, seguiremos traballando, coa participación do persoal da maior organización do Servizo, e estudando permanentemente as cargas de traballo do persoal para, de ser o caso, reforzar o que sexa necesario.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación dos expedientes de solicitude das axudas dos ecorréximes correspondentes á nova fase da Política Agraria Común**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Bo día, señora conselleira.

Quería falar sobre a aprobación e o pagamento dos expedientes de solicitude de axuda dos ecorréximes da PAC do ano 2023. No 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período, coñecida como a PEPAC 2023-2027. Neste novo período houbo cambios que afectan dunha forma moi importante ao sector agrario galego; estes cambios inflúen dunha maneira determinante nas axudas que reciben as explotacións agrícolas e gandeiras afectadas. Así, as novas explotacións, para minimizar as perdas nas axudas agrícolas da PAC neste novo período, debían acollerse a novas modalidades de axudas; estas novidades das axudas tramitadas na solicitude única da PAC 2023 da Consellería do Medio Rural trouxo consigo unha nova burocracia e unha grande incerteza entre os titulares das explotacións agrarias de Galiza.

Entre estes cambios estaba a aparición dos chamados ecorréximes, concretamente os réximes a favor do clima, do ambiente e do benestar animal. As explotacións galegas que se acolleron a estas axudas tiveron que facer un grande esforzo burocrático para escoller unha ou varias destas prácticas e así solicitar axudas e non perder ou perder o mínimo posible a nivel económico con respecto ao período anterior da PAC. Este esforzo burocrático e esta incerteza que trouxo consigo non tivo resposta da Xunta de Galiza.





¿Como pode ser que no mes de abril do ano 2024 o sector non saiba nada da aprobación e do pagamento destas axudas do ano 2023? Para o BNG esta actuación nefasta prexudica enormemente o sector na súa totalidade e pode afectar a viabilidade das explotacións agrarias do país. ¿Onde vai o diñeiro que pertence ás nosas explotacións? Señorás e señores do Partido Popular, teñen que atender as nosas explotacións agrarias; non lles poden negar o que lles pertence. As explotacións galegas non poden estar en desigualdade de condicións respecto das explotacións do Estado e da Unión Europea. Teñen que aprobar e pagar os expedientes dos ecorrécimes do ano 2023.

Señora conselleira, ¿por que non se aprobaron estes expedientes?; e, ¿vanse aprobar e pagar estes expedientes de axudas antes de que se acabe o período da solicitude da PAC do ano 2024? Por certo, cando fala do ADN dos pirómanos de Galicia e di que Galicia é un pirómano, falarán vostedes do seu contorno porque, ás veces, confunden o PP con Galicia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez):** Presidente, señorías. Bo día a todos e a todas.

Permítanme aproveitar este comezo, estreándome no Parlamento de Galicia como conselleira do Medio Rural, para trasladar a miña total disposición e compromiso firme por continuar avanzando no desenvolvemento do rural galego a todos os niveis. ¿Que mellor, logo, que comezar cunha cuestión referida á PAC? A este respecto, os nosos agricultores e gandeiros precisan, ante todo, total claridade e concreción; uns obxectivos que, por certo, non atopo na súa exposición de motivos, señor Fernández.

Certamente, vostedes falan da xeración de burocracia e dunha grande incerteza, pero obvian quen é o último responsable deste feito. A normativa da PAC —supoño que o saberán— vén do Ministerio. A Xunta de Galicia está totalmente comprometida —pódolle asegurar— coa redución da burocracia, e, en todos os documentos remitidos ao Ministerio, consensuados coas comunidades autónomas da cornixa cantábrica e con todas e cada unha das principais asociacións profesionais agrarias de Galicia —señorías—, reflíctese expresamente a necesidade de facilitar a actividade diante de calquera traba burocrática que poida supoñer un obstáculo. Esta necesidade lévanos sempre á mesma conclusión: precisamos dunha modificación que permita realmente facer efectiva a adaptación da PAC á totalidade do territorio e en especial a Galicia.

Dentro de todas as propostas de modificacións solicitadas ao Ministerio —e, por certo, desatendidas na súa maior medida— ía implícita a modificación dos ecorrécimes. Esta novidade da PAC, lonxe de representar un polo de captación de fondos, instaurouse en detrimento da nosa comunidade. Moitos deles ou non teñen a aplicación en Galicia ou contan cuns requisitos moi dificultosos de acadar que non lles compensa as nosas explotacións.



A pesar disto, e mentres seguimos demandando a súa adaptación, tentamos maximizar as oportunidades do agro galego respecto do ecorréximes, aplicando na convocatoria do ano 2023 todas as flexibilizacións que nos permite a normativa estatal e motivando sempre a súa solicitude. De feito, rexistráronse un total de 22.852 solicitudes, isto é, preto dun sesenta e sete por cento dos solicitantes galegos.

Señorías do Bloque, téñolles que dicir que cambien de estratexia. a Xunta vela polos intereses dos agricultores e dos gandeiros de Galicia. É o Goberno central —lémbrollelo—, a quen vostedes apoian de xeito incondicional, quen non mira para nós.

Miren se estamos preocupados co tema que acabamos de crear un novo departamento, unha nova dirección xeral, exclusivamente dedicada á APA, que é o control da cadea alimentaria, como acaba de anunciar o presidente.

Mentres nós aportamos a claridade e a concreción que fai falta, o Goberno central titubea e cambia de opinión. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Ten outro turno despois. Grazas.

Réplica, o señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Como ben sabe ou debería saber a señora conselleira, o calendario de pagamentos destas axudas do ano 2023 é do seguinte xeito; voulo explicar: anticipo do setenta por cento a pagar dende o 16 de outubro ao 30 de novembro do ano 2023; pagamento ata o noventa por cento a partir do 1 de decembro do ano 2023; e o pagamento restante, ao 30 de xuño de 2024.

Este calendario foi aplicado e pagado noutras partes do Estado e da Unión Europea, porén en Galiza non se fixo este pagamento. Galiza parece sempre abandeirada no máis lesivo para o sector. *(Aplausos.)* A realidade é que no día de hoxe, 24 de abril do 2024, a Xunta de Galiza non aprobou nin pagou un só euro das axudas dos ecorréximes da anualidade do ano 2023. A realidade é que a Xunta de Galiza debe ás explotacións agrogandeiras galegas un importe montante económico que pode afectar a viabilidade das explotacións do noso país.

A esta lamentable situación, provocada polo Goberno do Partido Popular, hai que engadirlle a inseguridade para a solicitude do ano 2024. A poucos días do remate do período de solicitudes da PAC do ano 2024, as persoas titulares das nosas explotacións non saben como funcionan os ecorréximes; non saben a que aterse e que ecorréxime solicitar.

As explotacións agrarias galegas que coidan a nosa terra, que dan vida ao noso rural, en definitiva, que resisten nas nosas parroquias, necesitan o apoio do Goberno galego; necesitan que lles faciliten as cousas, e estánlo reclamando día tras día, todos os días. Ao BNG estánlo transmitindo día si e día tamén. Pero, sobre todo, queren o que lles pertence, o que é seu.



Señora conselleira, non dea máis escusas de mal pagador; páguenlles dunha vez.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Peche da pregunta, a conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez):** Presidente, señorías.

Todos coñecemos a importancia da lectura nos procesos de aprendizaxe, e é comprensible que a PAC sexa un pouquiño pesada, *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* señor Fernández; cómpre lela. O persoal da Xunta de Galicia está sempre ao servizo dos nosos agricultores e gandeiros. *(Aplausos.)* Téñao por certo.

Haberá tempo e tempo de entrar en debate coa PAC. Non obstante, vou aproveitar esta segunda quenda para responder efectivamente á súa pregunta porque a miña intención é, e sempre será, nesta Cámara, trasladar coa máxima transparencia a acción do meu departamento.

Señorías, a aplicación dos ecorréximes, a diferenza da condicionalidade reforzada —como saberán—, é voluntaria. Obviamente vemos neles unha vía de financiamento importante, feito polo que continuamos exixindo a súa efectiva adaptación á realidade da nosa comunidade, ao tempo que motivamos a súa solicitude.

Mentres o Goberno central mira cara a outro lado —que parece que pouco lle importan os galegos—, Galicia non só demanda a súa adaptación, senón tamén a súa simplificación, ampliando, na convocatoria do ano 2023 —como dixen—, todas aquelas flexibilizacións que nos permite a normativa estatal. Reducimos a noventa días o período mínimo no continuo do pastoreo; establecemos, nos meses de xullo e agosto, o período de non aproveitamento de superficies de pastos permanentes e temporais, obxecto da sega sostible; consolidamos un período obrigatorio de catro meses, dende o 1 de decembro ao 31 de marzo, no cal a cuberta vexetal debe permanecer viva.

A pesar do pouco atractivo destas axudas, xa lles adianto que ese case sesenta e sete por cento do total dos solicitantes galegos percibirá ao redor de quince millóns de euros. Falamos dun sete por cento do total das axudas da PAC. E aproveito para lembrarlles, sen adicións, señorías, que estamos dentro do prazo normal de pagamento. *(Un señor deputado: ¡Non!)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dígolles máis, estamos en condicións de garantir que os pagamentos pendentes da campaña do ano 2023 se efectuarán dentro do prazo establecido, antes do 30 de xuño de 2024. Así mesmo, non só se efectuou o pagamento do noventa por cento dos importes en todas as demais liñas de axuda, senón que tamén do cen por cento nas dúas medidas de zonas con limitacións naturais, isto é, máis de cento corenta e seis millóns de euros.

Así pois, vólvolles repetir que cambien de estratexia. O seu labor está en defender os intereses dos nosos gandeiros e agricultores, aínda que ese labor os leve a estar de parte da Xunta de Galicia.



Dende o Goberno galego seguimos a loitar pola verdadeira toma en consideración do noso territorio; buscamos claridade e concreción en todo aquilo que reclamamos; exiximos unha moratoria en todas as políticas que provoquen trabas á actividade; demandamos modificacións que permitan adaptar a PAC á realidade galega, axustando os ecorréximes, efectivamente, á nosa comunidade.

Dende a Xunta de Galicia poñemos por enriba de todo Galicia, os nosos gandeiros e os nosos agricultores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pois, como non hai máis preguntas, remata aquí o pleno.

Boa tarde.



*Remata a sesión ás doce e vinte e dous minutos do mediodía.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Marnotes Fernández, Argimiro	P
2. Alén Castro, Gabriel	P	40. Martínez Allegue, María	P
3. Aneiros Barros, Martina	P	41. Mato Díaz, José Manuel	P
4. Arias Fouz, Javier	P	42. Méndez López, Lara	S
5. Arias Rodríguez, Raquel	P	43. Núñez López, María Victoria	P
6.	P	44. Ojea Bouzo, Armando	DO
7. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P	45. Pazos Couñago, José Alberto	P
8. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	46. Pérez Fernández, Rosana	BNG
9. Barreiro Sánchez, Enrique	P	47. Pérez López, José Daniel	BNG
10. Calvo Pouso, Diego	P	48. Pérez López, Noelia	P
11. Candia López, María Elena	P	49. Pomar Tojo, Carmen María	P
12. Carreira Pazos, Iria	BNG	50. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
13. Castro García, Daniel	BNG	51. Prado Cores, María Montserrat	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Prado del Río, Paula	P
15. Corgos López-Prado, Miguel	P	53. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
16. Deza Martínez, María	P	54. Queixas Zas, Mercedes	BNG
17. Díaz Mouteira, María Sol	P	55. Ríos Santomé, Paulo	BNG
18. Espinosa Mangana, María Elena	S	56. Rodil Fernández, Olalla	BNG
19. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	57. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
20. Fernández Davila, María Cristina	BNG	58. Rodríguez González, Román	P
21. Fernández Fernández, Secundino	BNG	59. Rodríguez Martínez, Roberto	P
22. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	60. Rodríguez Miranda, Antonio	P
23. Fernández González, Ariadna	BNG	61. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
25. García González, Patricia	P	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
26. García Martínez, Fabiola	P	64. Santamaría González, Raúl	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. González Vázquez, José	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Lorenzana Somoza, María Jesús	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Lorenzo Gómez, Rubén	P	75. Villares Bermúdez, Alfonso	P
38. Mariño Regueiro, Marta	P		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

